PROGRAMA DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO EN NIGRÁN PARA AS ELECCIÓNS MUNICIPAIS 2019

PROGRAMA MUNICIPAL Maio 2019

ÍNDICE DE CONTIDOS

0. Coas ideas claras, agora Nigrán.

As nosas ideas, as nosas propostas, o noso programa:

1. Autonomía e finanzamento municipal.
2. Transparencia e democratización na vida local.
3. Participación veciñal e implicación social.
4. Xestión racional dos recursos que administra o Concello.
5. Defensa do emprego e da economía local.
6. Turismo sostible en beneficio de toda a veciñanza.
7. Preservación da identidade e revalorización do patrimonio histórico e cultural.
8. Educación, cultura e deporte para todos e todas.
9. Defensa da lingua galega e do seu uso normalizado.
10. Servizos e dotacións para atender as necesidades da cidadanía.
11. Defensa da igualdade e dos dereitos da muller.
12. Apoio á mocidade e o estudantado.
13. Políticas a favor da xente maior.
14. Medio ambiente saudable, xestión de recursos e conservación dos valores naturais.
15. Desenvolvemento sostible do territorio e urbanismo ao servizo da maioría.
16. Política social de vivenda.
17. Novo modelo de mobilidade, transporte colectivo eficiente e aproveitamento do espazo público.
18. Cooperación intermunicipal no ámbito da Área Metropolitana de Vigo.
19. Cooperación cos concellos miñoranos e apoio á Mancomunidade do Val Miñor.
20. Colaboración con administracións e entidades e cooperación en redes.

COAS IDEAS CLARAS, AGORA NIGRÁN.

Desde o BNG pensamos que **as vindeiras eleccións municipais son moi importantes**, pois cremos que **só con ideas claras, decisión política e o apoio e participación activa da cidadanía, Nigrán vai poder avanzar no camiño que merece.**

Vivimos tempos de involución democrática, de recortes de liberdades e dereitos, de desmantelamento de servizos públicos e de incremento da desigualdade social; tempos de dinámica recentralizadora e de limitacións para que os poderes públicos poidan poñerse ao servizo dos intereses da maioría social; e tempos tamén de ofensiva contra a Galiza, a sua economía, os seus sinais de identidade e as súas clases populares, o que nos deixa nunha situación de auténtica emerxencia nacional e social.

Por todo isto **é preciso construir maiorías desde os concellos, para defender o modelo social, alternativo, galego e de defensa dos intereses públicos, que representa o BNG**.

Convén que veciñas e veciños nesta campaña presten atención ás propostas dos grupos políticos e as contrasten coa súa práctica real e tamén co traballo realizado, fose no goberno ou na oposición. No mandato que remata, a corporación de Nigrán estivo maioritariamente representada polo **goberno do PSOE, carente da vontade e da capacidade para desenvolver as políticas e accións que Nigrán precisa, e un Partido Popular reaccionario, inútil e inoperante.**

O BNG, que contou cun único concelleiro neste mandato, o noso compañeiro Xavier Rodríguez, apostou por desenvolver unha política seria e intensa, e facer unha oposición construtiva en beneficio da veciñanza. Exercer control democrático das accións do goberno, facer propostas que recaben apoio da corporación e cooperar co Concello para que os proxectos en marcha avancen en beneficio da cidadanía, e por suposto, involucrarse día a día no coñecemento dos asuntos locais e implicarse nos problemas da xente. Esta é a nosa forma de entender a política.

Sabemos que estamos representando á xente e **queremos ser unha ferramenta ao servizo da xente**. A nosa razón de ser é **defender con entusiasmo as ideas de igualdade e de amor polo país**. Cos nosos acertos e cos nosos erros todo o mundo sabe de que lado estamos e cal é o noso compromiso, pois **somos xente honesta, traballadora e coas ideas claras**, que queremos construir unha sociedade xusta e unha Galiza dona de seu, e para iso queremos e precisamos contar contigo.

Darlle prioridade ao interese colectivo en beneficio das persoas e dunha vida digna, garantir os dereitos da cidadanía, pór en mans do pobo o control do noso territorio e avanzar nun modelo de desenvolvemento sostible centrado nas nosas potencialidades, promover a nosa identidade de galegas e galegos e sacar toda a capacidade creativa que temos para gobernarmos e que non manden en nós. Isto é o que defendemos.

Presentámosche a seguir as nosas ideas, as nosas propostas e os nosos proxectos para Nigrán. Un extenso documento elaborado nun proceso de participación e debate que recolleu, non soamente as aportacións de militantes, simpatizantes e integrantes da candidatura, senón tamén de persoas e entidades que nos fixeron saber as súas inquedanzas, os seus intereses e as súas opinións sobre os temas que afectan ao municipio e os seus habitantes. A todas elas e todos eles agradecémoslles a súa colaboración.

O BNG defende un Nigrán ordenado, conformado por núcleos urbanos e rurais ben atendidos, cun PXOM ao servizo da maioría e unha política social de vivenda que manteña aquí á xente moza. **Un Nigrán ben conectado, que impulse un novo modelo de mobilidade máis sustentábel, seguro e social**, con servizos de transporte público eficientes e coa recuperación para a xente dos espazos públicos.

Un Nigrán verde e con identidade, que protexa e poña en valor o seu patrimonio cultural, natural e paisaxístico, que aproveite os seus espazos forestais, que rexenere os espazos degradados e desenvolva medidas de xestión ambiental en todas as actividades.

Un Nigrán máis social, para vivir e compartir, que atenda as necesidades da veciñanza e que traballe arreo para que o territorio se dote dos equipamentos e servizos necesarios para atender á xente como se merece, cunha sanidade, uns servizos de educación e unhas **dotacións de asistencia social de calidade**.

Un Nigrán para traballar, cun plan de desenvolvemento e con medidas de emprego, nomeadamente para a xente nova, con políticas **que estimulen os sectores da economía local e promovan un turismo sustentable** que aporte beneficios a toda a poboación.

Un Nigrán dinámico, con cultura e deporte para todos e todas, cunha programación de actividades diversa e ambiciosa e unhas dotacións públicas avanzadas. **Un Nigrán en galego**, que defenda a nosa cultura propria con dignidade e con fachenda.

Un Nigrán amigábel, que goste aos seus habitantes e aos que nos visitan, **cun Concello colaborador pero reivindicativo**, que empodere á veciñanza, que faga transparente o seu traballo e que demande das outras administracións que asuman as súas competencias e aporten os recursos necesarios.

Tal vez é este o Nigrán que ti queres ?

O vindeiro 26 de maio lembra que Nigrán merece máis e acompáñanos.

Agora Nigrán, agora BNG

AS NOSAS IDEAS, AS NOSAS PROPOSTAS, O NOSO PROGRAMA

1. Defenderemos a autonomía municipal e un sistema de financiamento xusto para o Concello, que permita atender eficazmente as necesidades da veciñanza e do territorio.

No contexto da crise económica e do proceso de involución política que estamos a padecer, o Estado español ten dado pasos firmes no ámbito lexislativo e institucional cara a recentralización e a adopción dun modelo antisocial e de baixa calidade democrática.

No que atinxe directamente á administración local, o poder central actuou fundamentalmente en dúas direccións: Por unha banda, o baleirado competencial e, por outra, a imposición de fortes restriccións de financiamento e medidas de control case absoluto do gasto dos concellos.

O recorte de recursos e financiamento nos municipios foi de tal magnitude que, en moitos casos, só tiveron marxe para afrontar o gasto corrente e actualizar os pagamentos atrasados, mantendo unha situación de inanición, xusto no momento en que máis se acentuaban as necesidades sociais da cidadanía.

Na Galiza vimos padecendo historicamente un sistema de financiamento local controlado desde Madrid, que non se adecúa ás características do noso país, nin atende as nosas necesidades específicas, empeorando aínda máis a situación coas reformas introducidas nos últimos anos.

Este panorama limita moito a marxe de manobra dos concellos, particularmente con respecto ás necesidades sociais crecentes, convertendo as competencias socioeconómicas dos municipios en papel mollado, o que reduce a capacidade de actuación destas institucións, que son as que máis preto están dos problemas reais da veciñanza.

É palpábel a insuficiencia dos recursos económicos cos que contan os concellos para atender o elevado número de servizos que prestan a veciñas e veciños. Ademáis, o actual marco tributario local resulta particularmente inadecuado a respecto das necesidades económicas e financeiras que require a actuación da administración municipal.

Aliás, os procedementos de contratación e de control do gasto, son cada vez máis complexos e controlados desde a administración central, o que provoca un aumento da burocracia e unha enorme dificultade para que os concellos poidan resolver as necesidades en tempos lóxicos e socialmente asumíbeis.

Estas imposicións camiñan en contra dos intereses da maioría social e prexudican notabelmente a economía local, ao impedir a realización de investimentos que mobilizan o comercio e a industria local e crean emprego. Tamén prexudican a empresas, servizos e profesionais locais e de proximidade nos procesos de contratación, fronte a empresas de maior dimensión pertencentes moitas veces a compañías trasnacionais que compiten de forma vantaxosa e se están a facer con boa parte dos concursos públicos que os concellos convocan.

Para atender a toda esta situación, desde o BNG esixiremos que se actúe en dous niveis diferentes: Por unha banda, modificando o actual sistema de Participación nos Ingresos do Estado (PIE) e, por outra parte, propiciando a integración plena da transferencia da PIE nos orzamentos da Xunta de Galiza, adaptando así a participación ás características do territorio e da organización local galega, no marco dunha Lei Galega de Facendas Locais, que debe constituir a base de referencia do financiamento municipal, promovendo a súa autonomía financeira e ordenando a xestión dos tributos.

Mentres estes cambios non se produzan, no BNG defenderemos a utilización de criterios de reparto alternativos aos estabelecidos actualmente para as transferencias do Estado, mediante a incorporación, xunto ao criterio de poboación, daqueles que teñan en conta outros parámetros da realidade territorial.

No marco das reformas que deberán promoverse no sistema fiscal local, desde o BNG demandaremos que se devolva aos concellos o importe do IVE que estes pagan como consumidores finais, nomeadamente na execución de investimentos. Tamén solicitaremos que se estabelezan, nos orzamentos xerais do Estado, compensacións aos concellos pola existencia de inmobles da Igrexa Católica, e se reclamará a tributación dos bens desta entidade que non estean destinados ao culto. Tamén se demandará a transferencia de competencias sobre xestion catastral á Xunta de Galiza.

Reclamaremos á Xunta de Galiza que se integren no Fondo de Cooperación Local, como fondos incondicionados de cada concello, as subvencións finalistas hoxe en día previstas nos orzamentos da administración galega e que corresponden a competencias locais (protección civil, infraestruturas rurais, planeamento e xestión territorial, etc.).

Reivindicaremos tamén que as deputacións provinciais consoliden plans de acción formulados con carácter plurianual, para que os concellos poidan contar cun marco de financiamento orientativo para todo o mandato.

2. Promoveremos a xestión transparente e a democratización da vida municipal.

Os/as representantes do BNG actuaremos a favor da maioría e do ben común. Promoveremos as liberdades públicas, a xustiza social e a igualdade de oportunidades.

Desde o concello, defenderemos sempre a liberdade de expresión e os valores democráticos e de igualdade, o pluralismo e a diversidade, e unha cultura de paz, dialogo, respecto e tolerancia como bases da acción social coa que os poderes públicos e a sociedade debemos estar comprometidos.

Combateremos as formas e expresións caciquís de facer política, sobre a base de que a cidadanía temos dereitos e o seu exercicio é libre e non debe depender de favores.

Desenvolveremos a nosa acción política promovendo o laicismo pleno nas actuacións municipais e no comportamento público das persoas que nos representen.

Xestionaremos a cousa pública de xeito transparente e participativo, sen clientelismos nen arbitrariedades. Defenderemos o cumprimento das leis como garante dos dereitos das persoas.

Elaboraremos un regulamento orgánico do Concello, como norma básica de funcionamento da entidade.

Daremos a coñecer á veciñanza os servizos que se prestan desde o Concello e aos que pode acceder cando sexa da súa necesidade. Divulgaremos os acordos e normas que lle afectan, para favorecer o seu coñecemento e aplicación.

Estableceremos procedementos de atención aos veciños e veciñas claros e igualitarios, mellorando a formación de todo o persoal ao servizo do Concello nunha mellor atención ás persoas usuarias.

Procuraremos unha mellor adecuación das tarefas do persoal do Concello e potenciaremos a súa formación continua, co obxectivo de favorecer os servizos que se prestan e unha mellor xestión dos recursos humanos, materiais e económicos existentes.

Introduciremos formas de administración máis transparentes para facilitar o acceso da cidadanía á información relevante que lle interesa. Facilitaremos a accesibilidade a documentos e a disposición de información na rede. Trasladaremos información a taboleiros e espazos públicos das parroquias.

Desenvolveremos iniciativas para favorecer progresivamente a posibilidade de solicitar información e realizar trámites ordinarios por vías telemáticas, reforzando cada vez máis todas as compoñentes dunha administración electrónica.

Garantiremos tamén a existencia de puntos de información presencial no Concello e nos principais departamentos, claramente identificados, para que veciñas e veciños poidan achegarse e consultar asuntos do seu interese.

Procuraremos a escolla de horarios e local axeitado para facilitar unha maior accesibilidade de veciños e veciñas aos plenos da corporación municipal.

Contribuiremos á dignificación do papel dos grupos políticos na xestión municipal, facendo máis accesible a información a todos os grupos e fomentando as funcións fiscalizadoras e de control do Pleno e a súa posta a disposición de toda a información precisa para a toma de decisións. Facilitaremos aos grupos municipais oficinas para reunións e atención á veciñanza.

Levaremos a cabo procesos de contratación de persoal ao servizo da administración local que xexan transparentes e acordes cos principios de igualdade, mérito e capacidade.

Promoveremos a máxima trasnparencia nos procedementos de contratación de obras e servizos do Concello.

Defenderemos que as políticas de axudas e subvencións desenvolvidas polo Concello se realicen sempre mediante a determinación de procedementos transparentes e criterios obxectivos e racionais. Procuraremos así que as subvencións a colectivos e entidades sociais, culturais e deportivas do Concello teñan cada vez maior incidencia na dinamización da vida social de Nigrán.

Defenderemos un comportamento institucional e non partidario dos/das rexedores/as municipais, pois son a representación de todos os veciños e veciñas, aínda que non recibiran o seu voto.

Esixiremos a depuración de responsabilidades políticas, persoais e colectivas ante faltas éticas e corruptelas.

3. Traballaremos a prol dunha verdadeira participación da veciñanza na xestión municipal.

Fomentaremos a participación social nos asuntos do Concello, empregando mecanismos de información individual e colectiva, dirixidos á veciñanza e a entidades do municipio. Facilitaremos o exercicio da crítica e a recollida de ideas e opinións.

Informaremos con veracidade á cidadanía das razóns precisas polo que se adoptan as decisións municipais e promoveremos procesos de consulta popular se fose conveniente.

Proporcionaremos á cidadanía un portal de información e servizos na rede verdadeiramente útil, a través dunha web institucional potente e actualizada, que logre ser espazo de referencia para a transmisión de información de calidade dirixida a diferentes perfís de usuario, e que conte con recursos e servizos de interese e calidade, en beneficio da veciñanza e tamén como porta aberta a persoas e entidades doutros lugares que desexan información do noso Concello.

Reforzaremos e conformaremos novos instrumentos de participación cidadá dirixidos ao deseño, posta en marcha e avaliación de políticas sectoriais emprendidas polo Concello.

Implantaremos o regulamento de participación veciñal aprobado no mandato 2015-2019 co obxectivo de favorecer os dereitos da veciñanza e garantir procedementos de acceso cidadán á vida municipal.

Estudaremos a mellor forma de articular consellos sectoriais que atendan as principais áreas de actuación da vida municipal, de acordo con criterios operativos e de cara a procurar a máxima participación das entidades e actores sociais e económicos implicados nos asuntos que se abordan. De forma prioritaria, consideramos conveniente a existencia dun consello que atenda asuntos territoriais e de medio ambiente e outro que se encargue de asuntos económicos e sociais.

Conformaremos consellos de parroquia, nos que poderán integrarse e participar entidades de carácter diverso implicadas neses territorios (veciñais, socioculturais e deportivas, comunidades de montes, comunidades de augas, ampas e outras), o que permitirá unha maior determinación das necesidades e intereses en cada parroquia e a súa participación na programación dos investimentos municipais, en base á identificación das prioridades.

Contribuiremos a afortalar o movemento social organizado, apoiado por actividades de formación e divulgación de experiencias.

Manteremos actualizado un rexistro municipal de asociacións, como medio para un maior coñecemento e cooperación co movemento social. Promoveremos que as subvencións a colectivos e entidades sociais, culturais e deportivas do Concello teñan cada vez maior incidencia na dinamización da vida social de Nigrán e favoreceremos a implantación de novas formas de cooperación e interrelación entre entidades que sexan beneficiosas para a cidadanía, como por exemplo a conformación dunha axenda de actividades en común.

Estudaremos con precisión os recursos e locais públicos dos que dispón o Concello e que poden ser postos a disposición de diferentes iniciativas sociais, co fin de facilitar a participación de grupos e entidades en todos os ámbitos da vida pública de Nigrán, actuación que dirixiremos especialmente a asociacións e colectivos con iniciativa pero que non dispoñan de locais propios e poidan compartir espazos e recursos en común.

4. Defenderemos unha facenda local ao servizo das necesidades sociais, unha política fiscal xusta e progresiva, a xestión pública dos servizos e a racionalización do gasto, das actividades do persoal e do patrimonio municipal.

Promoveremos un uso eficiente e racional dos recursos públicos ao servizo da cidadanía.

Racionalizaremos o gasto público, dando prioridade aos gastos sociais e aqueles outros de maior interese e rendibilidade social, para incrementar o benestar e a inclusión social na veciñanza e favorecer o desenvolvemento sostible do noso municipio.

Actuaremos con equidade no deseño do gasto e dos investimentos dirixidos ao noso territorio, atendendo tanto ás necesidades das áreas urbanas, como as necesidades do noso extenso rural.

Conscientes das limitacións competenciais e do marco legal restritivo para a capacidade de atender desde o Concello as múltiples necesidades do territorio e da veciñanza, reclamaremos das distintas administracións públicas, e co debido fundamento, que asuman as súas proprias competencias e responsabilidades e, en consecuencia, demandaremos delas aqueles fondos e medidas que fagan posible a mellora das infraestructuras, equipamentos, servizos e actuacións sociais de diversa índole, de acordo co noso peso especifico e as nosas características e necesidades concretas, sen permitir estados de abandono ou discriminacións.

Xestionaremos con responsabilidade as contas municipais, axustándonos aos orzamentos e tratando de executar en prazo todas as medidas de gasto e ingresos que procedan. Agora ben, tendo en conta ás mútiples necesidades de investimento que ten o noso concello sen cubrir, consideramos unha estafa á veciñanza de Nigrán que non se execute gasto con cargo aos remanentes de tesourería, pois é diñeiro de todas e todos e debe revertir canto antes na mellora das condicións do noso municipio. Será polo tanto un obxectivo prioritario que ditos remanentes estean en tempo a disposición do goberno municipal, para que se poidan executar aqueles investimentos que se consideran estratéxicos ou prioritarios.

Defenderemos a implantación dun enfoque plurianual e estratéxico na programación dos investimentos locais, propiciando a elaboración dun plan económico para o mandato completo no que queden estabelecidas as prioridades en materia de investimentos, coas obras que se pretenden executar a medio prazo, e coas partidas que previsibelmente serán necesarias para a súa execución.

Con respecto á execución do gasto, priorizaremos aqueles que respondan ás obrigas legais e ás principais necesidades que se deben atender desde o Concello. Neste senso, controlaremos os gastos de protocolo e publicidade e restrinxiremos calquera gasto superfluo, na liña de esixir á corporación municipal exemplaridade na racionalización do gasto.

Fixaremos unha política de retribución dos/das representantes municipais que permita o desenvolvemento das súas actividades pero que sexa consecuente coa situación de dificultade que padecen moitas persoas do noso concello.

Defenderemos como criterio xeral, sempre que sexa posíbel e razoábel, a xestión pública e directa dos servizos municipais. Nos demais casos, exerceremos control pleno dos servizos contratados con empresas (lixo, limpeza, subministro de auga…), tanto na fase de contratación e de estabelecemento dun prezo acorde ás prestacións, como no cumprimento posterior dos pregos de condicións pactadas, por canto á calidade dos servizos, as condicións laborais e os compromisos sociais e doutra índole das empresas prestatarias. Incluiremos cláusulas lingüísticas, medioambientais, sociais e de xénero nos pregos de contratación.

Revisaremos e avaliaremos os contratos de subministracións que se subscriban para impulsar cara o futuro licitacións con criterios beneficiosos desde o punto de vista económico e social.

Apostaremos, dentro do marco legal de contratación pública, polas compras e subministracións de produtos fabricados en Galiza e en idioma galego e polos produtos que sexan elaborados en condicións óptimas de responsabilidade social e sustentabilidade ambiental, valorando o domicilio social das empresas e a xeneración de emprego que producen no ámbito local, comarcal e galego.

Estudaremos con atención o comportamento das entidades bancarias coas que o Concello ven mantendo relacións e o seu grao de compromiso social. Fomentaremos o incremento das relacións municipais coas entidades que practican banca ética e cos servizos da banca cooperativista galega.

Traballaremos no deseño e desenvolvemento dunha política tributaria municipal que estea ao servizo da veciñanza, poñendo en xogo desde o Concello todos os instrumentos fiscais dos que podemos dispoñer para complementar o noso financiamento.

Estudaremos e xestionaremos intensa e eficazmente a captación de recursos diante doutras administacións, incluidos os fondos de programas europeos.

Aplicaremos unha política de impostos xusta e progresista. Introduciremos modificacións en impostos e taxas para dotalos dunha verdadeira progresividade, facendo que menos paguen os que menos teñen. As medidas fiscais e de prezos públicos deben ter en conta a necesidade e a capacidade económica da maioria social, con especial atención a determinados colectivos, como son as persoas desempregadas, as perceptoras de pensións da Seguridade Social nas cuantías mínimas, etc.

Promoveremos formas de cobro que faciliten a liquidación de débedas e o fraccionamento do pagamento para a cidadanía e que contribúan tamén a unha maior liquidez nos fondos municipais, o que pode diminuir a necesidade de solicitar créditos e o pago de intereses.

Revisaremos, cando proceder, as autorizacións e concesións demaniais sobre bens de dominio público e dereitos municipais, sinaladamente daquelas outorgadas con contraprestacións, condicións ou suxeitas a taxas.

Con respecto ao control do patrimonio municipal e dos bens públicos, velaremos pola súa salvagarda e adoptaremos novas medidas que reforcen a súa correcta identificación e faciliten a xestión. Manterase activo un inventario actualizable de todos os bens mobles e inmobles de titularidade municipal para coñecer os recursos existentes, as súas características e poder así xestionalos mellor.

En materia de equipamentos, tanto municipais como en mans doutras administracións ou entidades, actuaremos decididamente na mellor utilización dos recursos existentes, de acordo co explicitado nos diferentes capítulos deste programa.

Revisaremos as condicións nas que se encontran as distintas instalacións e bens públicos de uso social dispersos por todo o municipio, as súas funcións actuais e a organización de persoal e recursos que requiren para atender as súas necesidades de funcionamento e de prestación de servizos.

Coa creación e a previsíbel pronta posta en marcha da nova Biblioteca de Nigrán, e coas novas posibilidades de uso que se abren para o vello centro de saúde de Panxón e para as instalación da vella biblioteca, entre outros equipamentos, faise preciso un estudo e replantamento xeral do uso das instalacións públicas, co obxectivo de revisar a utilización e a súa adecuación ás necesidades actuais, coa fin de optimizar recursos económicos, humanos e materiais e favorecer unha xestión máis racional.

Impulsaremos no seu caso a reformulación dos servizos municipais e da función dos distintos locais existentes de cara a conseguir unha máis eficiente xestión dos recursos humanos e económicos municipais, unha mellor prestación de servizos e unha maior cobertura dos mesmos.

Na mesma liña, estudaremos o uso doutras instalacións públicas de propiedade ou xestión non municipal, como por exemplo a Residencia de tempo libre de Patos, para considerar aqueles acordos que procedan e que permitan dotalas de novos usos, actividades complementarias ou engadir intensidade ao seo funcionamento.

Promoveremos a elaboración de regulamentos de uso dos diferentes equipamentos públicos para facilitar a súa utilización.

5. Defenderemos o dereito da cidadanía a un emprego digno na nosa terra e levaremos a cabo actuacións favorecedoras da nosa economía e do desenvolvemento local.

Faremos causa da loita da cidadanía polo dereito ao emprego, contra a precariedade e contra a emigración. Defenderemos o dereito dos veciños e veciñas a vivir dignamente no seu país e no seu concello.

Estudaremos a actividade dos servizos municipais de emprego para definir as prioridades e os instrumentos públicos a promover. Nesta liña, estudaremos tamén a funcionalidade da bolsa de demandantes de emprego constituida no seu día polo Concello, analizando en que medida pode ser un instrumento útil para avanzar na mellora da empregabilidade e a inserción laboral no ámbito local.

Elaboraremos un plan de emprego e desenvolvemento local realista, que analice con perspectiva actual e de futuro os recursos e potencialidades do municipio e estableza as liñas de traballo prioritarias que deben guiar as políticas municipais e o traballo do persoal técnico da administración local.

Colaboraremos coas asociacións de industriais, comerciantes, hostaleiros, mariñeiros, e outras, para o desenvolvemento de actividades socioeconómicas e a xeración de emprego.

Impulsaranse acordos con empresas e elementos de concertación con asociacións empresariais, sindicatos e outras entidades implicadas, para facilitar a inserción laboral de persoas desempregadas da localidade e a igualdade de xénero nas relacións laborais, así como outros aspectos que poidan mellorar as relacións e condicións laborais nas empresas da localidade.

Desenvolveremos medidas de información, asesoramento e formación dirixidas especialmente a persoas en situación de desemprego ou traballo precario, para facilitar as súas posibilidades de incorporación a actividades laborais en condicións dignas. Trataremos de fomentar redes sociais de autoaxuda e cooperación para a empregabilidade e o emprendemento.

Cooperaremos coas administracións competentes na promoción de políticas activas de emprego. Deseñaranse novos proxectos de formación-emprego, presentaranse proxectos para a contratación de traballadores e traballadoras a través de programas de cooperación coas entidades locais e se promoverá a concurrencia a outras iniciativas relacionadas con aspectos como o emprego da mocidade ou o emprendemento, entre outras.

Favorecerase tamén a presentación como Concello ou en cooperación con outras entidades, de programas cofinanciados por fondos europeos en materia de emprego e desenvolvemento local.

Promoveremos medidas concretas de apoio ao emprego xuvenil adaptadas ás características do noso concello, mediante accións de asesoramento, accións de formación, procesos de intermediación con empresas e creación de bolsas para prácticas en actividades muncipais. Nesta liña, tamén colaboraremos na procura do retorno da mocidade galega emigrada.

Tampouco descoidaremos as accións a prol da inserción profesional de colectivos en risco de exclusión (desempregados de longa duración, maiores desempregados, persoas con discapacidade, etc.) e dos colectivos de mulleres desempregadas ou en condicións laboriais precarias.

Procuraremos que as políticas, as actividades e os investimentos que realice o Concello conleven ofertas de traballo e actividade para a cidadanía en xeral e para os habitantes e empresas locais en particular, sempre dentro do marco normativo estabelecido. O Concello pode e debe xerar emprego local coas suas actividades e coas súas contratacións. Nesta liña, reclamaremos a supresión das limitacións impostas nas leis orzamentarias do Estado e de Galiza respecto da xeración de emprego público destinado á creación, reforzo e ampliación de servizos públicos locais.

Desde o Concello trataremos tamén de promover as modalidades de contratos reservados para Centros especiais de emprego e Empresas de inserción laboral, co obxectivo de fomentar a integración sociolaboral de colectivos desfavorecidos e con especiais dificultades de acceso ao emprego.

Promoveremos actuacións de formación e asesoramento favorecedoras do autoemprego, o traballo autónomo e da pequena iniciativa empresarial.

Demandaremos unha política social de apoio aos novos emprendedores locais por parte de Zona Franca, de xeito que se xeren en Porto do Molle espazos para a colaboración de persoas emprendedoras con recursos accesíbeis en condicións moi vantaxosas para aquelas iniciativas viábeis que no ámbito local teñan dificultade para o seu desenvolvemento inicial e precisen de apoio.

Ofreceremos a nosa colaboración a Zona Franca de Vigo para o fomento da actividade do parque empresarial de Porto do Molle, co obxectivo de promover a implantación de novas empresas xeradoras de emprego e potenciar os beneficios sociais e económicos que pode aportar este polígono ao noso municipio. Defenderemos a implantación das actividades económicas e servizos que beneficien ao noso territorio e a economía local, pero seremos críticos ante a implantación de grandes áreas ou establecementos comerciais que poñan en dificultade o sector do pequeno comercio a nivel municipal.

En todo caso demandaremos tamén de Zona Franca de Vigo o cumprimento do convenio estabelecido no seu día para que se rebaixaran os custos de instalación das empresas de Nigrán en Porto do Molle e, en consecuencia, oporémonos a calquera negociación para a ampliación do polígono namentres Zona Franca non salde co Concello a súa débeda polo aproveitamento urbanístico do actual parque.

Apoiaremos as iniciativas empresariais que xurdan no municipio, especialmente aquelas que contribúan á diversificación económica e o aproveitamento dos recursos locais, e estean implicadas e comprometidas nunha posta en valor responsábel do noso territorio. Procuraremos na medida do posíbel axilizar a tramitación e a obtención de permisos para a súa posta en marcha.

Procuraremos sempre a instalación de industrias e empresas respectuosas co medio ambiente e xeradoras de emprego, mais oporémonos ás actividades contaminantes ou que poidan ir contra o benestar da veciñanza.

Actuando en todo momento dentro do marco legal, non favoreceremos en absoluto a implantación no noso concello daquelas actividades empresariais que poidan conlevar prexuizos evidentes para a nosa poboación, polo seu impacto negativo sobre o medio ambiente, sobre o tecido económico, sobre o medio social ou o territorio, ou porque as súas bases de negocio atenten contra a dignidade das persoas, promovan a prostitución, desenvolvan

actividades que poidan levar á ruina ás persoas, fomenten prácticas de usura, aproveitándose das necesidades da xente, ou conleven maltrato animal.

Defenderemos a produción local e apoiaremos o pequeno comercio de proximidade, colaborando con este sector no desenvolvemento de medidas e actividades que promovan unha maior atracción social cara as súas actividades e vantaxes para os consumidores e consumidoras.

Atenderemos con coidado a problemática do pequeno comercio e dos servizos de proximidade situados nos barrios e nos centros parroquiais, pois resultan básicos para o mantemento de economía local e para aportar calidade de vida á poboación e evitar desprazamentos innecesarios ante necesidades básicas, que se poden e deben atender na proximidade do lugar onde viven as persoas.

6. Aproveitaremos a potencialidade turística de Nigrán en beneficio da veciñanza, promovendo economía e actividade sostibel e diversificada.

Teremos en conta o potencial turístico de Nigrán, e o beneficio económico que esta actividade pode xerar, á hora de desenvolver o conxunto das políticas municipais en distintos ámbitos, tratando de que o turismo sexa un alicerce para a mellora das condicións do conxunto da poboación, en termos de acceso a mellores infraestructuras, equipamentos, servizos e actividades, e como un elemento de activación económica para as empresas da zona, para a creación de emprego e o xurdimento de novas iniciativas.

Desenvolveremos un plan de actuación turística que estableza unha estratexia local e as liñas de intervención principais para o fomento dun modelo de turismo máis enriquecedor, que promova a diversificación e calidade da oferta, a desestacionalización e diversificación da demanda, a sostibilidade ambiental, o fomento dos recursos e da actividade local e o benestar para os veciños e veciñas, considerando que a nosa actividade debe realizarse preferentemente nun marco de cooperación supramunicipal e con diversas outras entidades e administracións, para fortalecer en conxunto o destino da área xeográfica na que se encontra Nigrán.

Favoreceremos os esforzos dos axentes implicados para a capacitación e formación continua do persoal dos sectores económicos relacionados co turismo, nomeadamente a hostalaría, e para a mellora da calidade dos servizos nas súas actividades.

Apoiaremos a implantación de sistemas de calidade turística e o desenvolvemento daquelas marcas que poidan contribuir aos obxectivos de desenvolvemento dun turismo sostible para o noso municipio. A través das nosas accións e da cooperación con outras entidades, afortalaremos unha imaxe positiva de Galiza e do pobo galego, como país e como destino, para aquelas persoas que nos visitan, e contribuiremos tamén a reforzar o destino turístico Rias Baixas e, dentro del, apoiaremos aquelas iniciativas que se promovan para o ámbito miñorano e que nos parezan coherentes co modelo de turismo que defendemos.

Cooperaremos na procura dunha maior calidade da oferta residencial e hostaleira existente, así como das infraestructuras, equipamentos e servizos máis relacionados coa actividade, tanto sexan de competencia directa municipal como doutras entidades públicas e privadas.

Articularemos medidas para controlar que non se produza un uso abusivo dos espazos públicos relacionado coas actividades turísticas, evitando que ditas actividades se poidan converter nun problema e en mútiples molestias para a vida normal dos veciños e veciñas e para a sostibilidade da contorna.

Estudaremos as posibilidades de establecemento dunha área municipal para a pernoctación en estadías breves de autocaravanas e tamén as posibilidades de crear unha área de acampada controlada, orientada preferentemente a grupos escolares e colectivos sociais organizados que desexen realizar actividades de campamento.

Promoveremos accións de sensibilización social e actuacións de mellora da paisaxe, adecuación de miradoiros, entidades de poboación, construccións, camiños e prazas e, moi especialmente, o coidado dos elementos máis relevantes do noso patrimonio cultural e natural. Estas actuacións iranse priorizando no tempo, procurando obter maiores beneficios con menores investimentos pois, ás veces, pequenas intervencións pouco custosas poden xerar unha mellora substancial na calidade e atracción turística dos lugares.

Comprometerémonos no mantemento da calidade das praias de Nigrán, como ecosistemas naturais e como lugares de recreo, e procuraremos a obtención de distintos recoñecementos públicos para os nosos areais, como apoio á promoción do turismo e a revalorización social destes espazos.

Levaremos a cabo accións de promoción e información turística e cooperaremos con axentes públicos e sectores empresariais nesta mesma tarefa.

Velaremos para que o Concello de Nigrán estea presente e cunha imaxe digna nas campañas e materiais de promoción turística que se executen e editen por parte doutras administracións e entidades. Revisaremos e aportaremos documentación e recursos que favorezan unha mellora da calidade da información subministrada e unhas liñas de promoción acorde co modelo de turismo sostible e responsable que pretendemos desenvolver.

Poremos enfase na contextualización e no coidado da información e das accións de visita turística, pois consideramos que a mellor forma de enriquecer as experiencias das persoas que nos visitan é ofrecerlles un axeitado achegamento aos valores do territorio, que lles permita unha maior integración na realidade local, un maior coñecemento das nosas características e do noso patrimonio e unha maior contextualización dos nosos valores no ámbito da cultura galega e da historia do noso país.

Desenvolveremos un portal dixital na rede, relacionado coa web institucional do Concello, que facilite o acceso á información e materiais turísticos de calidade desde calquera parte do mundo sobre os valores e posibilidades que ofrece Nigrán dentro do ámbito comarcal e de Galiza, coa fin de contribuir a captar máis visitantes e estadías ao longo do ano e promover os servizos e negocios locais. Deberanse realizar melloras substanciais da información que actualmente soporta a páxina web municipal en materia de turismo.

Manteremos abertos postos de información e atención aos turistas e visitantes, con especial intensidade durante o verán.Trataremos de facilitar sistemas novos para unha xestión diferente da información.

Promoveremos actuacións de guiado e animación dirixidas aos visitantes e a propia veciñanza.

Actuaremos na mellora da accesibilidade a lugares e monumentos, reforzando os elementos de sinalización vial, facilitando sistemas de información dixital, mellorando as condicións de tránsito e de uso dos lugares de atractivo e establecendo medidas de preservación dos seus valores.

Traballarase no desenvolvemento de novos produtos de información turística e na conformación de paquetes turísticos diversificados que integren e potencien o aproveitamento social e sostible dos máis diversos recursos do territorio, promovendo tanto o coñecemento das parroquias de interior como as de costa.

Nesta liña, promovemos a conformación dun gran roteiro turístico municipal, pensado en base a distintas modalidades de percorrido, intereses dos visitantes e tempos de estadía, que integrará os distintos puntos de atracción do conxunto do municipio, agrupando tamén os distintos recursos turísticos xa constituidos con anterioridade, como é o caso das sendas. Este roteiro será dotado de elementos de sinalización física e soportes informativos como folletos, mapas e medios para a obtención de información dixital, pensados para favorecer o seu coñecemento e realización.

Colaboraremos na mellora do Camiño de Santiago pola costa atendendo necesidades informativas, melloras das condicións do percorrido e dos servizos de apoio, actividades divulgativas e atención ás persoas camiñantes que desenvolven esta ruta cultural. Procuraremos contar coa colaboración da Xunta de Galiza e do Plan Xacobeo para desenvolver estes cometidos.

Apoiaremos e colaboraremos cos sectores económicos e sociais implicados no deseño de festas, feiras e eventos que poidan producir atractivo e dinamización para o comercio e a empresa local, e que incrementen a oferta de actividades de interese sociocultural, sociodeportivo ou lúdico.

Conformaremos un calendario de actividades diversificadas que atraian xente cara os eventos que se poñan en marcha, de forma que sexamos capaces de producir atractivo a nivel comarcal e acadar mesmo certos niveis de concorrencia no ámbito de Galiza e do Norte de Portugal, e mesmo sobre zonas máis distantes. Estas actividades, aínda que teñan un momento álxido no período estival, cando se produce a maior concentración turística e teñen lugar a maioría das festas populares e acontecementos ao ar libre, deben procurar irse extendendo ao resto do ano, co formato que corresponda, como parte dunha estratexia de desestacionalización da actividade turística á que debemos aspirar.

7. Conservaremos a identidade e a memoria e revalorizaremos o noso patrimonio histórico e cultural.

A fisionomía do territorio, as nosas paisaxes e os valores materiais e inmateriais do noso patrimonio son o resultado dun medio singular, dunha longa historia e dunha cultura xenuina. Son estas as bases da nosa identidade local, que debemos preservar en beneficio da comunidade e das xeracións futuras, pois a nosa cultura e o noso patrimonio son e deben seguir a ser unha fonte de beneficios para todos e todas.

Desde o Concello implicarémonos activamente na promoción da cultura e na protección e posta en valor do patrimonio histórico e cultural.

Integraremos os valores do patrimonio e do territorio axeitadamente nas estratexias de fomento sociocultural, socioeducativo e turístico, desenvolvendo accións e creando produtos que integren ditos valores e fomenten o seu coñecemento, a súa revalorización social e a súa conservación.

Así, toda a oferta de información e os recursos turísticos relacionados coa cultura e co medio ambiente desenvolveranse sempre pensando en que sexan útiles para a nosa veciñanza en primeiro lugar, ademáis de que poidan servir tamén para as persoas que nos visitan. Do mesmo xeito, as medidas de aproveitamento dos elementos de interese turístico deberán reverter nunha mellor conservación e aproveitamento de valores culturais, naturais e paisaxísticos do concello.

Colaboraremos neste eido co tecido asociativo das parroquias e coas entidades culturais existentes, favorecendo tamén a súa implicación, e procuraremos o apoio e finaciamento de administracións e entidades públicas e privadas para accións dirixidas ao coñecemento, difusión, conservación e posta en valor da nosa cultura e do noso patrimonio.

Defenderemos a conservación e a difusión da nosa cultura popular, como un elemento básico da nosa identidade de galegas e galegos. Coidaremos e apoiaremos o noso patrimonio inmaterial (música, danza, costumes e tradicións) para que se manteñan ou recuperen, e o uso da lingua galega como instrumento vehicular das nosas expresións culturais.

Promoveremos actividades de difusión e formación relacionadas coa cultura galega tradicional e apoiaremos iniciativas innovadoras que contribúan a dar nova vida e reinterpretar a nosa vella cultura con novos aires.

Colaboremos tamén coas festas populares e celebracións das nosas parroquias, con medidas de apoio á cultura tradicional e para facelas máis participativas e ricas en actividades.

Velaremos pola preservación da toponimia tradicional e tomaremos medidas que eviten a deturpación manifesta dos nomes de lugar no noso municipio.

Protexeremos o patrimonio cultural construído, velando polo seu coidado e respecto, polo seu coñecemento e pola súa revalorización social. Colaboraremos no inventariado e catalogación de bens, promoveremos actuacións materiais de mellora e levaremos a cabo actividades de sensibilización social e divulgación cultural sobre estes recursos.

A preservación da identidade territorial requirirá o desenvolvemento progresivo de actuacións múltiples no ámbito da mellora da paisaxe e da adecuación de entidades de poboación, construccións, camiños e prazas e, moi especialmente, o coidado dos elementos máis relevantes do noso patrimonio cultural e natural. Estas actuacións iranse priorizando no tempo, procurando obter maiores beneficios con menores investimentos pois, ás veces, pequenas intervencións non moi custosas poden significar beneficios substanciais na mellora do contorno e na revalorización dos bens culturais.

Poremos especial atención na mellora de contornos patrimoniais como a zona do castro de Chandebrito, o arco visigodo de Panxón ou os accesos á ponte medieval da Ramallosa.

Xestionaremos actuacións favorecedoras do coñecemento dos Bens de interese cultural e elementos relevantes do municipio con dificultades actuais para ser visitados.

Colaboraremos coa Xunta de Galiza na denuncia e persecución dos causantes de danos ao patrimonio, combatendo o seu espolio e deterioro.

Defenderemos ante as administración e entes públicos competentes a necesidade de desenvolver determinados proxectos de recuperación e posta en valor de elementos singulares do noso patrimonio (Ministerio de Cultura, Dirección Xeral de Patrimonio, programas con cargo a 1,5 % cultural), tratando de viabilizar a redacción de proxectos e a súa execución e financiamento. Demandaremos de Zona Franca o cumprimento do seu vello compromiso de recuperación do Muiño do Rachote, en Porto do Molle, para a súa posterior posta en valor.

Instalaremos novos elementos informativos en diferentes lugares do Concello e ante determinados bens históricos e culturais, co fin de favorecer o coñecemento do patrimonio e a súa interpretación, mantendo en bo estado aqueles elementos xa existentes que sigan en condicións de uso.

Igualmente propoñemos desenvolver no municipio dous pequenos espazos expositivos e de intepretación dos valores culturais e ambientais do Concello, dando este uso a instalacións municipais singulares que xa existen en Panxón e na Ramallosa.

Propoñemos así a instalación, na planta baixa do faro de Panxón, dunha sala etnográfica dirixida a visitantes, escolares e veciñanza en xeral, que se centrará nas artes e tradicións das comunidades pesqueiras locais. Nutriremos este espazo con fotografía histórica e materiais aportados pola veciñanza, contribuíndo a reforzar a memoria local e a imaxe de Panxón como localidade de tradición mariñeira.

Propoñemos tamén a ubicación dun Centro de interpretación do Val Miñor na vella estación do tranvía da Ramallosa, cando se produza o desprazamento dos actuais usos que cumpre para os maiores o Centro de terceira idade alí ubicado, cara outras instalación que estean mellor dotadas. O centro de interpretación mantería o funcionamento normal da cafetaría da planta baixa pero reutilizaría as plantas primeira e baixo cuberta para a ubicación de zonas expositivas e dunha sala-aula audiovisual, con contidos expositivos centrados en territorio, patrimonio, cultura, paisaxe e natureza, e nos que se incluirían tamén referencias á Foz, ao tranvía e ao camiño portugués de Santiago pola costa.

Tanto no caso do faro, como no da estación do tranvía da Ramallosa, debería estudarse tamén a conveniencia de ubicar os postos de atención turística que actualmente se encontran en casetas próximas a estas dúas instalacións, integrando así os postos de atención ao público nestes puntos de oferta cultural. Ademais, estas dúas propostas anteriormente citadas, de carácter expositivo-interpretativo-educativo, deberían integrarse en programas comúns, converténdose nun referente para visitas escolares, percorridos guiados e accións monitorizadas de educación ambiental e de interpretación do patrimonio.

Contribuiremos a recuperar a memoria local mediante o fomento e implicación en investigacións, estudos, traballos de documentación, publicacións, exposicións e actos de diverso formato que afonden no coñecemento e na divulgación da nosa historia e dos valores do noso patrimonio e do noso territorio. Nestas tarefas, colaboraremos con entidades e persoas que traballan na investigación de aspectos históricos e culturais do concello.

Promoveremos a creación dun arquivo municipal de imaxe histórica da localidade.

Fomentaremos a recuperación e mantemento da nosa memoria histórica democrática, para a condena do franquismo, para a dignificación das vítimas da represión e para honrar aos defensores dos valores democráticos. Esixiremos a desaparición de calquera símbolo fascista e franquista do noso municipio, promoveremos actos de recoñecemento público ás vítimas e apoiaremos a actividade das asociacións e colectivos que fomenten a memoria.

8. Defenderemos o valor da educación e promoveremos actividade sociocultural e sociodeportiva para todos e todas.

Potenciaremos a educación, a cultura e o deporte en todos os ámbitos e promoveremos a mellora dos espazos e equipamentos para o seu desenvolvemento.

Faremos unha abordaxe integral nesta materia, canalizando as iniciativas a través dun Instituto Muncipal de Educación, Cultura e Deporte (IMECD), dotado con orzamento e persoal municipal. Este organismo estudará as necesidades, deseñará proxectos e programas, xestionará instalacións e recursos, programará actividades e coordenará a acción municipal coa que se desenvolve no tecido asociativo local, con quen se colaborará, para acadar un óptimo aproveitamento dos esforzos que todos os sectores realizan no noso municipio, en beneficio de toda a veciñanza, procurando desenvolver unha axenda sociocultural e sociodeportiva cada vez máis diversa, ambiciosa e atractiva.

Educación

En materia de equipamentos e servizos de educación, defenderemos con toda a forza posible o dereito da cidadanía a un ensino público e de calidade. Por iso seremos belixerantes co maltrato que ten recibido e segue a sofrer a educación pública (aumento dos ratios de alumnado, peores condicións laborais do profesorado, insuficiencia de medios para atender ás necesidades, etc.).

Demandaremos da Xunta de Galiza a atención aos servizos de educación e a mellora das dotacións dos centros públicos, asi como melloras na oferta da rede de centros de secundaria do municipio e do conxunto do Val Miñor, procurando a impartición de novos ciclos formativos de formación profesional e a presenza de todas as modalidades de bacharelato.

Converteremos ao Concello nun verdadeiro elemento de apoio aos centros de ensino, tanto como titular das instalación de colexios e institutos públicos, velando polo seu estado, como colaborando na dinamización da actividade dos docentes, dos equipos directivos e da comunidade escolar no seu conxunto. Queremos que toda a cidadanía de Nigrán se poida aproveitar das posibilidades que ofrecen as instalacións deses centros e fomentar e divulgar as actividades que promoven os seus integrantes (dirección dos centros, ampas, colectivos de ensinantes, grupos de alumnado, etc.).

Velaremos pola conservación das instalacións e reforzaremos o equipo de operarios e operarias municipais ao servizo dos centros de ensino público, con funcións de conserxería e para a resolución de necesidades diversas que se producen no funcionamento ordinario dos centros.

Demandaremos o reforzamento das actividades e servizos educativos públicos no Val Miñor que promovan maiores recursos e capacidades para a aprendizaxe da música (conservatorio elemental e profesional) e dos idiomas (extensións locais da Escola Oficial de Idiomas).

Fomentaremos a participación da nosa cidadanía en programas educativos, como os promovidos pola UNED ou o Programa de maiores da Universidade de Vigo, polas súas características singulares e as posibilidades de adaptación a determinados colectivos.

Utilizaremos recursos económicos, materiais e humanos municipais para desenvolver desde o IMECD un amplo programa de accións educativas complementarias, organizadas en solitario ou en colaboración con outras administracións ou entidades, dirixidas á poboación en xeral ou enfocadas a diferentes colectivos, para a divulgación e formación en diversos ámbitos de interese social (emprego, igualdade, utilización das novas tecnoloxías, medio ambiente, drogodependencias, hábitos saudabeis, consumo e dereitos do consumidor, educación para a paz e a resolución de conflitos, información afectivo-sexual para adolescentes, escola de nais e pais, etc.).

Cultura

En materia de equipamento sociocultural, consideramos preciso que no futuro queden atendidas as múltiples carencias que veu sofrendo o municipio para poder dispor duns espazos de referencia que cumpran con diversas funcións, conteñan espazos polivalentes e permitan a realización de actividades culturais, deportivas e lúdicas diversas, tanto en espazos interiores como exteriores. Entre as necesidades que deberían quedar cubertas a curto ou medio prazo, deberían estar as de contar cun auditorio suficiente para espectáculos escénicos, unha biblioteca en condicións e dimensión axeitada, espazos para a celebración de mostras e exposicións, sala audiovisual, salas multiusos, salas de reunións, espazo de ludoteca e espazos para ensaios de actividades, ao que poderiamos engadir a posta en marcha dalgún pequeno espazo museístico ou centro de interpretación vencellado ao noso territorio e os seus valores (aos que nós facemos referencia no capítulo 7 deste programa) e un auditorio central ao ar libre onde sexa posíbel desenvolver actuacións e outros eventos en condicións axeitadas.

Coa creación da nova biblioteca, que foi unha reivindación importante recollida no noso programa municipal anterior, e que se vai vendo cumprida ao final do mandato 2015-2019 que finaliza, pensamos que é preciso unha revisión xeral do uso das instalacións próximas a esta nova dotación, e mesmo doutros equipamentos municipais máis alonxados, como é o caso da vella biblioteca, co obxectivo común de revisar as súas funcións e a súa adecuación ás necesidades actuais. Trátase de optimizar recursos económicos, humanos e materiais e favorecer unha xestión máis racional do conxunto de instalacións municipais.

Neste senso, e de acordo coa ubicación da nova biblioteca, defendemos que se conforme un complexo sociocultural central, integrado pola propia biblioteca, o auditorio municipal e a edificación das vellas casas dos mestres do Colexio Humberto Juanes, ao que se poderían tamén incorporar espazos exteriores de uso recreativo e deportivo, ubicados neste mesmo centro, e que coa cubrición da actual pista polideportiva, podería permitir dotar ao centro de Nigrán dun espazo sociodeportivo aberto, sen menoscabo dos usos do alumnado en horario lectivo e extraescolar.

Con respecto á posta en marcha da nova biblioteca, consideramos preciso contar cun plan de usos definido, que organice os espazos e determine con precisión as necesidades materiais para a súa posta en funcionamento pleno en canto rematen todas as obras. Arredor da súa posta en marcha, deberase plantear igualmente unha programación de actividades ligadas ao mundo do libro, o fomento da lectura e a actividades culturais en xeral que poidan desenvolverse nas súas instalacións.

Potenciaremos a actividade sociocultural e sociodeportiva cunha maior oferta municipal e cun modelo estábel de cooperación coas entidades, colectivos e persoas que levan a cabo inciativas neste mesmo ámbito, axudándoas na medida do posíbel nos seus proxectos, procurando unha maior economía de medios, un maior aproveitamento

social das súas iniciativas e a consecución dunha programación dirixida a todos os veciños e veciñas que sexa máis ampla, ambiciosa e variada, concibida tendo en conta as diferentes preferencias e grupos de idade.

Estabeleceremos unha axenda cultural actualizada permanentemente polo Concello e visualizábel na rede, na que se proporcionará puntual información de cada actividade que se promove desde este organismo ou que levan a cabo outras entidades do municipio, tratando de conseguir un portal de información común que sexa referencia principal para a cidadanía. Dita información será transferida tamén a formatos en papel para ser exposta en lugares públicos.

Reforzaremos as actividades de formación musical desde o Concello e mediante a colaboración coas entidades sociais que a desenvolven no municipio, e poñeremos as bases para a creación dunha escola municipal de música que permita no futuro a existencia dunha propia banda municipal. Apoiaremos a mellora do conservatorio elemental de Gondomar como recurso comarcal, no que cremos que a Mancomunidade de concellos do Val Miñor debe implicarse. Proporcionaremos tamén todo o apoio posibel aos grupos musicais existentes, nomeadamente os grupos corais e de música tradicional consolidados no municipio, e contribuiremos a que emerxan novas propostas musicais na localidade.

Noutros múltiples ámbitos da cultura e das artes, apoiaremos igualmente a creación e produción cultural orixinada no municipio (artes plásticas, creación literaria, intervencións urbanas, teatro amador, banda deseñada, audiovisual, etc.). Promoveremos que se celebren en Nigrán encontros artísticos e culturais de diferentes colectivos (escritoras, artistas plásticos, músicos, entre outros).

Faremos fincapé no desenvolvemento do teatro amador, como actividade participativa que pode ser accesible e proveitosa para a veciñanza, e programaremos cultura audiovisual, fomentando especialmente o coñecemento do cinema e das producións audiovisuais galegas, que normalmente están fóra ou marxinadas dos circuitos comerciais.

Fomentaremos o coñecemento da artesanía tradicional e de técnicas artesanais diversas, cun obxectivo formativo e con posibilidades de que no futuro mesmo poidan chegar a xerar actividade económica.

Fomentaremos a lectura, e como xa indicamos en parágrafos precedentes, como reforzo á posta en marcha da nova biblioteca, deberase plantear unha programación de actividades ligadas ao mundo do libro, a lectura, as linguas e a creación literaria, cun especial apoio ao mundo do libro e da creación en galego. Promoveremos tamén a lectura a través das dotacións de libros para centros sociais de barrio ou parroquia, que permitan conformar pequenas bibliotecas repartidas por todo o concello ou reforzar as que xa existen.

Por decisión municipal ou mediante colaboracións con outras entidades públicas, privadas ou asociatiativas, activaremos iniciativas culturais para o municipio como clubs de lectura, cineclubs e foros de cultura e coñecemento, entre outras.

Cooperaremos coas parroquias, na medida das posibilidades, no mantemento das instalacións e no apoio á súa programación sociocultural, tratando especialmente de favorecer o funcionamento dos espazos nos que se desenvolve a acción comunitaria e a vida pública (prazas e torreiros, espazos sociodeportivos, locais veciñais).

Deporte

Cremos firmemente que a promoción da práctica deportiva contribúe a fomentar hábitos de vida saudábeis na poboación, constitúe unha boa alternativa para o tempo de ocio, favorece o contacto entre veciños e veciñas, facilita o coñecemento da contorna e fomenta valores positivos centrados no esforzo, a cooperación, o respecto e a amizade.

Desde o IMECD realizaremos un inventario das instalación deportivas públicas para coñecer as súas condicións e desenvolveremos políticas municipais tendentes a facilitar o acceso á actividade deportiva de toda a poboación de Nigrán.

Optimizaremos o uso das instalacións deportivas municipais existentes e promoveremos concertos con outras entidades para o uso das súas instalacións proprias.

Nesta liña, intensificaremos a utilización das infraestructuras e equipamentos deportivos e de ocio dos centros educativos públicos para que, ademais do seu uso en horario escolar e extraescolar, poidan tamén estar disponibeis fóra do horario lectivo, para o emprego da comunidade escolar e do resto da veciñanza.

Promoveremos a actividade física e a actividade deportiva en todos os ámbitos sociais, sensibilizando sobre a conveniencia do deporte e as posibilidades que ofrece o noso municipio para a práctica de modalidades moi diversas, para todo tipo de persoas e gustos e en lugares moi diferentes. Desenvolveranse actividades de divulgación e de información deportiva. Tratarase de animar tanto a participación activa no exercicio deportivo, como a asistencia e acompañamento aos eventos deportivos públicos e as competicións e confrontacións ordinarias do calendario deportivo local.

Revisaremos a política actual de escolas deportivas municipais e cursos programados polo Concello, coa intención de mellorar o funcionamento xeral destas actividades, potenciar as escolas constituídas ata o momento e estudar a viabilidade de conformar novas escolas e desenvolver novos cursos, de acordo co seu interese social e as potencialidades do noso municipio.

Levaremos a cabo un programa municipal de extensión social do deporte saudábel, que anime a todo o mundo, na súa casa e na contorna próxima, a desenvolver actividade física e aproveitar os recursos existentes. Dito programa estará integrado por actividades de información e divulgación, demostracións de práctica deportiva e actividades deportivas concretas nos barrios e parroquias con apoio e seguemento por parte de monitores e monitoras.

Manteremos en condicións e ampliaremos as dotacións de parques biosaudábeis na medida das necesidades que se aprecien.

Preocuparémonos por achegar a actividade deportiva ás persoas máis maiores, no marco dunha programación mais extensa de avellentamento activo, e prestaremos especial atención ás modalidades deportivas do gusto da mocidade, mellorando instalacións e definindo espazos para a súa práctica.

Esixiremos un bo funcionamento e servizo das instalacións da piscina pública da Ramallosa e proporemos aos concellos da Mancomunidade estudar a ampliación das dotacións mancomunadas cara o ámbito da ximnasia e de determinadas prácticas deportivas que contan con demanda social.

Divulgaremos e apoiaremos os deportes e xogos populares, como forma de promoción da nosa cultura deportiva e lúdica tradicional. Crearemos dotacións ao ar libre para a práctica de xogos e deportes populares e estimularemos tamén o xogo infantíl tradicional de rúa, que fomenta a convivencia dos nenos e nenas nos espazos públicos.

Procuraremos ampliar en todo o posible a práctica deportiva ao ar libre, facilitando recursos e ofrecendo seguridade.

Elaboraremos un plan para o estabelecemento de roteiros deportivos en espazo urbano e rural, dotados axeitadamente de acordo coas modalidades deportivas para os que están pensados (atletismo, bicicleta, etc.), de xeito compatibel con outros usos e respectuoso co medio ambiente.

Desenvolveremos programas de educación ambiental e difusión do patrimonio natural, cultural e paisaxístico en combinación coas prácticas saudabeis do senderismo e do cicloturismo.

Aplicaremos un criterio de responsabilidade con respecto ao coidado do contorno, prohíbindo ou limitando aquelas actividades ou prácticas que se desenvolvan en determinados lugares e que poidan ser incompatibeis cos usos normais dos espazos públicos, ou que poidan causar danos ao medio ambiente ou molestías evidentes á veciñanza.

9. Defenderemos a lingua galega e o seu uso normalizado.

Defenderemos e promoveremos a normalización social da lingua galega e o seu uso pleno en todas as esferas da vida municipal, dun xeito activo, dinámico, participativo e integrador. Farémolo nun contexto sociolinguístico e sociopolítico enormememente complexo, que se manifesta na perda de falantes, no mantemento de prexuizos e en ataques planificados desde posicións de poder para frear as posibilidades de recuperación da lingua e violar os dereitos dos e das galegofalantes a poder desenvolver a súa vida na súa lingua propria.

Moveremos consciencias coa forza da razón e co poder do amor polo noso, fronte ao involucionismo centralizador e a ignorancia, que despreza o idioma propio ou pretende recluir ao galego nun uso testemuñal e deixalo sen capacidades de uso pleno na vida común das persoas. Denunciaremos políticamente as agresións ao idioma galego e aos dereitos a usalo, como lingua oficial da Galiza que é.

Esixiremos o cumprimento da Lei de normalización lingüística e aplicaremos as medidas inseridas no Plan xeral de normalización da lingua galega.

Manteremos en activo o servizo de normalización lingüística do Concello, como instrumento de apoio ás políticas de normalización desta administración e aprobaremos unha ordenanza municipal de normalización lingüística para avanzar no asentamento da nosa lingua na vida municipal e parroquial.

Incidiremos de xeito especial no funcionamento da administración municipal, conseguindo que todos os departamentos e organismos do Concello teñan a lingua galega como lingua xeral de referencia oral e escrita. Demandaremos aos cargos electos o seu uso no exercicio das súas funcións. Estableceremos que todos os actos xurídicos se efectúen en galego.

Velaremos pola formación e capacitación dos traballadores e traballadoras para o uso normal do idioma e controlaremos que as persoas candidatas a empregos públicos do Concello teñan coñecemento e capacidade para o uso do galego.

Incluiremos cláusulas sobre o emprego do idioma nas bases de contratación pública, axudas e subvencións.

Esixiremos un correcto uso do idioma galego en todas as iniciativas que directamente realice o Concello asi como naquelas outras que promova esta administración no marco de contratos ou convenios con empresas ou entidades, pois resulta moi común que non se trate ao idioma galego coa mesma rigorosidade que se aplica ao castelán, como así se reflicte nos numerosísimos erros lingüísticos presentes en documentos oficiais ou materiais informativos, ao que se engade a deturpación de nomes de lugar do concello, presentes con erros en mapas, sinalizacións e documentos de todo tipo. É preciso comprender que a calidade dos produtos elaborados ou cofinanciados polo Concello deben esixir un tratamento rigoroso e de calidade na utilización do idioma galego e do resto de linguas que se empreguen na difusión de contidos, pois unha mala expresión idiomática prexudica a boa imaxe que o Concello sempre debe dar.

Levaremos a cabo accións normalizadoras en todos os ámbitos e colaboraremos con outras administracións e entidades no deseño e realización de actividades tendentes á concienciación e o uso do idioma, especialmente a través de campañas dirixidas a sectores sociais ou económicos concretos, como poden ser o sector da hostelaría e restauración, ou o sector do comercio en xeral.

Promoveremos a participación social en iniciativas de defensa do galego e colaboraremos con entidades e asociacións que traballan a prol da normalización do idioma na execución de actividades e campañas que se poidan desenvolver no ámbito municipal.

Desenvolveremos formación en lingua galega para os diferentes sectores de poboación, de acordo ás súas necesidades específicas.

Apoiaremos a creación e a edición en galego e faremos difusión do libro galego e doutras producción culturais no noso idioma.

Levaremos a cabo iniciativas para a promoción das festas populares en galego.

Converteremos as actividades arredor do 17 de maio nunha expresión reivindicativa do dereito ao uso do galego e do valor da lingua como vertebrador da nosa cultura propria. Aproveitaremos co mesmo fin algunhas outras efemérides para a conmemoración de mulleres, homes e grupos que aportaron o seu esforzo á pervivencia da nosa lingua e á construcción da nosa cultura, como pode ser a do 24 de febreiro, día de Rosalia de Castro.

Manteremos os actos do Día da restauración da memoria lingüística de Galiza, que se veñen celebrando no municipio durante os últimos anos.

10. Promoveremos unha boa cobertura de servizos e dotacións para atender ás diferentes necesidades sociais existentes e favorecer a calidade na atención, as posibilidades de desenvolvemento persoal e colectivo da nosa veciñanza e a cohesión social.

A cidadanía temos a obriga de construir un futuro cada vez mellor para a xente de Nigrán, de xeito sostíbel, xusto e igualitario.

Entendemos a atención social e os servizos sociais como dereitos fundamentais das persoas, que non deberían depender das circunstancias particulares de cada lugar, senón ser garantidos con semellantes condicións a toda a poboación, en función das necesidades concretas existentes.

Sen embargo, é evidente que na actualidade isto non acontece e está aínda lonxe de facerse realidade. A situación actual caracterízase pola desorganización e a ineficacia na prestación dos servizos sociais, con múltiples actuacións dispersas e pouco coordenadas, na que se implican a Xunta de Galiza, os concellos, as deputacións, ONGs e entidades diversas e mesmo o voluntariado. Esta forma de abordar as necesidades responde moitas veces á urxencia de actuar ante as carencias de apoio institucional, mais soe traducirse nunha peor calidade dos servizos prestados e un maior custo económico global da atención. É tamén a base para o medre do negocio privado na área de servizos e para a mercantilización das necesidades da xente.

Esixiremos unha política social pública, planificada e centrada na atención integral das necesidades da xente, que sexa atendida convenientemente polo Estado e a Xunta de Galiza, no exercicio das súas competencias proprias.

Defenderemos que, nun momento como este, de especiais dificultades para as clases populares, que deriva da crise capitalista, das políticas neoliberais e dos recortes aplicados durante anos polos gobernos do PP, o Concello manteña, na medida das súas posibilidades, unha función de apoio á xente máis afectada, amortecendo o golpe que sofren os traballadores e traballadoras e a maioría social. Por isto mesmo denunciaremos politicamente os ataques centralistas que pretenden retirar competencias municipais e financiamento en materia social, cando todo o mundo sabe que os concellos son a referencia e o recurso máis próximo dos veciños e veciñas cando precisan apoio público.

Nigrán non é alleo a todas estas circunstancias. Os habitantes do Concello vimos padecendo ao longo de anos as insuficiencias e deficiencias dos servizos e dotacións, que nalguns aspectos vanse subsanando paseniñamente e noutros, pola contra, se manteñen ou mesmo empeoran.

Desde o BNG traballaremos arreo para demandar niveis de cobertura e calidade nos servizos e procuraremos que todas as políticas municipais do Concello conflúan na procura dos obxectivos de cohesión e benestar dos veciños e veciñas e na loita contra todo tipo de desigualdade e marxinación, adoptando as medidas oportunas que sexan precisas para resolver as casuísticas que poidan xurdir en cada momento.

Faremos participes a toda a sociedade e aos actores sociais máis implicados das necesidades existentes e das medidas a tomar, a través dos procesos de participación veciñal e dos consellos sectoriais encargados de abordar periódicamente a situación do noso territorio e propoñer alternativas viables para a mellora da situación e a resolución de problemas.

Conscientes de que as nosas posibilidades de actuación municipal son claramente limitadas e precisan dunha forte implicación doutras administracións, identificaremos as necesidades máis perentorias que existen no concello e prestaremos o máximo apoio posíbel na resolución das situacións concretas que nos afectan, esixindo ás administracións competentes en política social o cumprimento das leis e o acceso da cidadanía ao exercicio real dos dereitos constitucionais que temos, ofrecendo alternativas a problemas como o desemprego, o desafiuzamento da vivenda, a miseria e outro tipo de desigualdades xeradas por un sistema inxusto.

Reforzaremos os servizos sociais municipais e cooperaremos con outros equipos de traballo e asistencia social dependentes doutras entidades e vinculados coa atención da nosa veciñanza en xeral e das diferentes problemáticas existentes.

Colaboraremos coas asociacións que traballan a prol dos dereitos e da atención das necesidades específicas de diferentes colectivos, procurando información detallada sobre as necesidades existentes e cooperando na consecución de recursos que atendan ditas necesidades, ao tempo que facilitando, a través de campañas ou actividades, a visibilización das súas problemáticas.

Actuaremos principalmente na atención das seguintes necesidades e demandas sociais:

Atención a situacións de emerxencia social

É preciso que os concellos presionemos á Xunta de Galiza para que se implemente un plan de emerxencia social para o noso país, que sexa transversal e consensuado a todos os niveis, para así poder enfrontar a grave situación de pobreza existente e atender as diferentes situacións que se presenten con anticipación ou coa maior celeridade posibel. Dito plan deberá contemplar o acurtamento dos prazos para o recoñecemento e cobro da RISGA, programas de vivenda para situacións de desafiuzamentos e medidas para unha coordenación efectiva dos servizos sociais da Xunta cos servizos de seguemento e atención municipal.

Do mesmo xeito, é fundamental reivindicar o dereito das persoas a unha renda de garantía social, como elemento de inclusión cando non é posible acceder ao traballo ou se atravesan circunstancias adversas.

Desde o Concello facilitaremos ás persoas e familias en situación de pobreza, ou con maiores problemas sociais, axudas municipais para atender as necesidades básicas, colaborando con estas para conseguir unha rápida implicación da Xunta de Galiza na atención das súas necesidades.

Atención á infancia e a conciliación laboral e familiar

Velaremos polo benestar das crianzas, poñendo os servizos sociais municipais ao servizo da súa protección e das necesidades que se presenten.

Desenvolveremos medidas para a atención das problemáticas de conciliación laboral que presentan as familias, procurando a disposición de prazas en escolas infantís da localidade para as nenas e nenos máis pequenos e organizando actividades monitorizadas dirixidas aos cativos en períodos de vacacións escolares (campamentos urbanos de verán e de inverno, programación de actividades lúdicas e sociodeportivas, entre outras).

Colaboraremos tamén na difusión e nunha maior utilización por parte da nosa poboación dos recursos que a Xunta de Galiza e outros organismos, como a Deputación, ofrecen para o tempo libre das crianzas e as familias, nomeadamente os programas de campamentos, os programas sociodeportivos e as estadías familiares en residencias de tempo libre.

Esixiremos da Xunta o financiamento pleno das escolas infantís e a ampliación da rede pública de cobertura.

Promoveremos accións de formación dirixidas a pais, nais e grupos familiares, referidos ao coidado e a educación dos menores, e levaremos a cabo accións de sensibilización social a prol dunha imaxe diversa do que é a familia.

Fomentaremos o xogo infantil apoiando espazos-ludoteca en equipamentos municipais e parroquiais, asi como ampliando e mellorando as dotacións de parques infantís e organizando zonas de xogo e deporte en espazos públicos. Divulgaremos tamén os xogos populares tradicionais que fomentan a socialización na rúa.

Atención aos dereitos da muller e á igualdade de xénero

Desenvolveremos desde o Concello unha acción continuada para avanzar na defensa da igualdade de xénero e dos dereitos das mulleres, de acordo co explicitado no capitulo 11 deste programa.

Atención á diversidade sexual e de xénero

Promoveremos medidas inclusivas que respecten a diversidade de sexos, orientacións sexuais e identidades de xénero, denunciando calquera discriminación e facilitando a visibilización dos colectivos LGTB.

Defenderemos o dereito de toda a cidadanía a súa liberdade sexual e denunciaremos calquera actitude de discriminación ou intolerancia ao respecto. Desenvolveremos accións de sensibilización e información cidadá para a práctica dunha sexualidade libre e sa.

Atención aos estudantes e a mocidade

Apoiaremos aos estudantes do Concello con medidas de axuda económica e organización de recursos, para así aminorar os gastos en cuestións como material escolar ou comedores.

Colaboraremos na prevención do absentismo e do abandono escolar e realizaremos accións de información e orientación cara o alumnado e as súas familias, para facilitar o maior aproveitamento posible das capacidades dos estudantes de acordo aos circuitos de formación e os recursos sociais e educativos existentes.

Atenderemos ás necesidades da mocidade, de acordo co que se explicita no capítulo 12 deste programa, procurando responder aos seus intereses xeracionais e contribuir á súa progresiva autonomía persoal e a súa emancipación económica.

Atención ás persoas maiores

Favoreceremos o desenvolvemento da vida dos maiores e a atención das administración ás súas necesidades, de acordo con todo o que se explicita no capítulo 13 deste programa.

Atención ás persoas con discapacidade e en situación de dependencia

Cooperaremos coas entidades e colectivos de persoas discapacitadas para favorecer as súas actividades e defenderemos os dereitos destes colectivos, aplicando medidas tendentes a facilitar a súa plena integración social, a súa maior autonomía e o acceso ao emprego.

Faremos cumprir a reserva legal de prazas para persoas con discapacidade nas ofertas de emprego público do Concello.

Actuaremos de forma contínua na procura de solucións efectivas á infinidade de problemas existentes no concello en materia de mobilidade e accesibilidade. Velaremos polo cumprimento das normativas e procedementos de execución das novas obras en materia de accesibilidade e elaboremos un programa de actuación municipal para o desenvolvemento de reformas neste ámbito, priorizando a execución daquelas intervencións que cun menor custo teñan maior incidencia no benestar dos habitantes e das persoas con discapacidade ou mobilidade reducida, nomeadamente aquelas intervencións que permitan liberar de barreiras físicas os lugares de acceso máis demandados, así como crear zonas libres de barreiras que cada sexan máis extensas no ámbito urbano e nos tránsitos principais do municipio.

Facilitaremos a accesibilidade de vehículos para persoas con problemas de mobilidade, desenvolvendo novas zonas de aparcamento onde non existan ou se precisen máis, ao tempo que se exercerá vixilancia e se sancionará aos infractores que ocupen estas prazas.

Colaboraremos cos centros educativos e de atención a persoas con discapacidades existentes no concello, procurando a todos os niveis unha maior implicación do noso municipio nas necesidades de integración social destes colectivos.

Colaboraremos coas persoas dependentes do municipio na organización de servizos de atención básica e demandaremos o apoio das administracións competentes para estes colectivos vulnerables (demanda de prazas para maiores en residencias e centros de día, cumprimento da Lei de dependencia e medidas sociais e económicas de apoio ás persoas coidadoras de dependentes. Pódese atopar máis información no capítulo 13 deste programa.

Atención ás persoas inmigrantes e asiladas

Desenvolveremos medidas de acollemento e integración de inmigrantes no noso municipio, a través das políticas sociais e de emprego que desenvolve o Concello.

Denunciaremos calquera expresión de racismo, xenofobia ou intolerancia da que poidan ser víctimas as persoas inmigrantes, e aproveitaremos a convivencia con colectivos de diversas etnias e nacionalidades para favorecer as relacións interculturais e a integración social na comunidade.

Ofreceremos a nosa colaboración ás outras administracións para que Nigrán poida acoller persoas con estatuto de refuxiado, se así se considera oportuno.

Atención á emigración local

Fomentaremos o contacto cos emigrantes de Nigrán no exterior, como elemento de sensibilización social sobre o fenómeno das migracións e para favorecer o seu contacto co municipio e o mantemento de lazos afectivos e familiares. Prestarase asesoramento que poida facilitar o seu retorno á nosa terra se fora do seu interese, con especial incidencia sobre o colectivo de mozos e mozas, cos que colaboraremos promovendo medidas concretas de apoio ao emprego xuvenil na nosa localidade, explicitadas no capítulo 5 deste programa.

Atención sanitaria

Reivindicaremos unha sanidade pública e de calidade, opoñéndonos frontalmente aos procesos de privatización. Defenderemos a eficiencia dos servizos, mais criticaremos calquera axuste económico que poida producir un empeoramento da atención á saúde das persoas usuarias e a degradación das condicións laborais dos e das profesionais.

Defenderemos a creación do Consello de saúde do Val Miñor, coma elemento estructural, transversal e dinámico que fomentará a participación cidadá neste ámbito e onde deberán estar representadas todas aquelas asociacións con interese na materia, ademais das administracións locais e a administración sanitaria. Entre os seus cometidos estarán promover estudos e diagnósticos da saúde nos respectivos concellos, para coñecer as necesidades existentes e poder así priorizar e racionalizar as medidas municipais oportunas e as demandas que procede trasladar á Xunta de Galiza.

Demandaremos da Xunta melloras na atención sanitaria do Val Miñor, coa dotación de recursos estructurais, técnicos e humanos que garantan unha atención de calidade, tanto nos servizos de atención primaria, como nos servizos descentralizados de atención especializada. Solicitaremos a ampliación dos horarios de especialidades, como radioloxía, fisioterapia ou da Unidade de Saúde Mental no Centro de Saúde da Xunqueira. Reclamaremos igualmente a mellora do servizo de urxencias e do servizo de ambulancias, coa reposición da segundo vehículo que no seu día foi retirado.

Favoreceremos a implementación de actividades e iniciativas educativas, deportivas, de lecer, de inserción social ou de acompañamento, que incidan na consecución dun axeitado estado de benestar físico, psíquico e social para a nosa poboación Neste senso, promoveremos a inclusión do Concello de Nigrán na Rede europea de concellos saudabeis.

Colaboraremos cos programas de saúde comunitaria que se implementen e facilitaremos as campañas de captación de doantes de sangue e outras campañas sanitarias que poidan ter lugar no noso municipio.

Apoiaremos as actividades en materia de loita contra a drogadicción, no seu senso máis amplo, colaborando coas entidades especializadas e tratando de contar na medida do posible cos demais concellos do Val Miñor e da Xunta de Galiza.

Seguridade cidadá

Potenciaremos a prestación dun servizo de calidade por parte da Policia Municipal, como colaboradores do benestar social e da seguridade da poboación. Apoiaremos aquelas políticas de formación especificas que melloren a prestación de servizos deste corpo.

Demandaremos das outras administración a cobertura de servizos necesaria para o mantemento da seguridade e cooperaremos coas forzas de seguridade no cumprimento de protocolos e medidas para atender ao noso municipio en todos os ámbitos.

Executaremos programas de educación viaria, especialmente dirixidos a escolares, e preocuparémonos pola seguridade nas vías, propiciando a mellora das súas condicións de mobilidade, de acordo co explicitado no capítulo 17 deste programa.

Promoveremos aquelas iniciativas que mellor garantan a cobertura necesaria e a seguridade cidadá en materia de protección civil, asistencia dos bombeiros e salvamento nas praias.

Cooperación internacional e defensa dos dereitos humanos

Realizaremos cooperación e solidariedade internacional, apoiando o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade e convertendo o Concello nunha xanela aberta ao coñecemento de realidades distantes dos veciños e veciñas, a través de actos diversos.

Colaboraremos con iniciativas e campañas promovidas por grupos e entidades que teñan como fin a cooperación humanitaria e a defensa dos dereitos humanos e dos dereitos dos pobos, de acordo coas resolucións das Nacións Unidas, tanto con respecto aos problemas que atinxen a Galiza como na esfera internacional.

Manifestarémonos sempre a prol do diálogo, a distensión e a paz e trataremos de cooperar de acordo cos obxectivos de solidariedade e desenvolvemento auspiciados pola ONU e os seus organismos.

Fomento do voluntariado

Potenciaremos as iniciativas de intervención cidadá a través de accións de voluntariado, promovendo mediante programas específicos o apoio e a intervención desinteresada de veciños e veciñas en diversos ámbitos de interese social (como por exemplo o acompañamento de maiores, a educación e o coidado ambiental, o embelecemento de lugares, o entretemento de cativos e cativas, a dinamización deportiva e cultural ou as accións que promovan os contactos interxeneracionais). Pensamos que as achegas en tempo e as ideas das persoas voluntarias poden dinamizar a vida da veciñanza e contribuir a mellorar o benestar das persoas e a calidade da contorna.

Atención aos consumidores e fomento do consumo responsabel

Impulsaremos o funcionamento da Oficina municipal de información ao consumidor, sensibilizando á cidadanía sobre os seus dereitos e facilitando información referida a normas de consumo e dereitos de reclamación.

Sensibilizaremos á cidadanía para un consumo consciente e responsábel. Así, entre outras, desenvolveremos actividades a favor da agricultura de autoconsumo e da producción ecolóxica, sobre comercio xusto e solidario, contra o xoguete bélico e sexista ou sobre formas de economía social.

Apoiaremos iniciativas veciñais de economía social que potencien as experiencias de autoxestión de recursos, a cooperativización de iniciativas, os intercambios non dinerarios e calquera outros aspectos que potencien relacións solidarias e de apoio mútuo, fora das normas ordinarias do mercado actual.

Difusión das tecnoloxías da información e da comunicación

Promoveremos actividades de alfabetización informática e de difusión das tecnoloxías da información co obxectivo de non afondar na brecha tecnolóxica que separa a distintos segmentos da poboación, nomeadamente as persoas maiores.

Manteremos a actividade do Centro Antena de Nigrán, como lugar de acceso público e formación en novas tecnoloxías.

Ademais, preocuparémonos polo mantemento e instalación de novos equipamentos informáticos en centros públicos, alá onde poidan cumprir un mellor función e ter maior repercusión social.

Facilitaremos o acceso a internet para a poboación, co impulso de novas zonas wifi que presten servizo público gratuito a determinados centros sociais e a súa contorna inmediata.

Intensificación dos usos da Residencia de tempo libre de Patos

Reclamaremos un uso máis intensivo da Residencia de tempo libre de Patos, de titularidade da Xunta de Galiza, para que se poida aproveitar o seu potencial ao máximo nivel posíbel, procurando tamén que as súas instalacións poidan acoller determinados eventos sociais (seminarios, encontros e outros) que sexan promovidos polo Concello e outras entidades do municipio.

11. Traballaremos na defensa da igualdade e dos dereitos da muller.

Defenderemos que o Concello sexa un axente activo a prol dos dereitos das mulleres e contra as desigualdades e discriminacións, combatendo o machismo e a violencia de xénero. Debemos esixir, desde a institución, novos avances no estado de igualdade, mudanzas xurídicas e cambios sociais que reforcen os dereitos das mulleres. A corporación municipal debe denunciar publicamente aquelas decisións políticas, actos lexislativos ou actuacións xudiciais que sexan criticabeis, e desde o Concello debemos estimular a maior implicación social de todos os sectores a prol da igualdade, os dereitos e a integridade das mulleres.

Traballaremos pola integración da perspectiva de xénero nas políticas e actuacións municipais e a prol do empoderamento das mulleres, elaborando un plan municipal para a igualdade de xénero, que se desenvolverá en tres áreas principais: participación e acceso á información e aos recursos, promoción da igualdade entre homes e mulleres e abordaxe integral da violencia de xénero.

Defenderemos a necesidade de contar cunha Concellaría de Igualdade como estructura que garanta o cumprimento do devandito plan municipal e da súa aplicación a todas aquelas políticas sectoriais que se promovan no municipio.

Ademais, defenderemos a creación do Consello municipal da muller, como elemento de participación comunitaria para o deseño, seguemento e avaliación das políticas municipais e como instrumento dinamizador do asociacionismo e da actividade das mulleres na nosa localidade.

Para unha maior visibilización das mulleres e unha maior información sobre o seu papel na sociedade, faremos que todos os plans e programas municipais deban ser realizados con perspectiva de xénero e que se inclúa a

variable sexo en estatísticas, estudos e informes diversos que se elaboren, para así, paseniñamente, mais sen retroceder un paso, poder chegar a un grao de coñecemento real da situación das mulleres no municipio e poder desenvolver aquelas políticas máis acaidas para avanzar cara un estado de benestar e igualdade.

Colaboraremos coa Universidade de Vigo e outras entidades para a realización de estudos ou actividades sobre a muller e con perspectiva de xénero, co fin de incrementar este corpo de coñecemento.

Manteremos a actividade do Centro de Información ás Mulleres, reforzando as prestacións do servizo, incrementando a súa capacidade de información, asesoramento e apoio en materias como dereitos, igualdade laboral, anticoncepción, violencia machista, entre outras.

Consideraremos prioritaria a formación e sensibilización das persoas que directa ou indirectamente traballan en actividades municipais, e se desenvolverán actuacións nesta mesma liña dirixidas á poboación en xeral.

Normalizaremos o uso dunha linguaxe non sexista en todos os actos e documentos que se realicen desde o Concello, promovendo este uso tamén naquelas outras instancias e organismos cos que se relacione ou estableza convenios o noso municipio.

Estudaremos estratexias para incrementar o papel da muller na vida pública e social do concello e para fomentar a súa presenza en todo tipo de espazos públicos e en todos os ámbitos de participación social.

Comprometerémonos tamén a visibilizar dignamente ás mulleres, como parte integrante da nosa sociedade, en todo tipo de actividades que se organicen, en denominacións de rúas e centros públicos, nas referencias e imaxes gráficas e en calquera outro aspecto que poida ser desenvolvido ou financiado desde o Concello.

Traballaremos na recuperación da memoria sobre o papel histórico das mulleres na vida de Nigrán.

Contribuiremos desde o ámbito local a loitar en todos os frentes posibles contra a violencia machista e o feminicidio que ameazan a liberdade, os dereitos, a seguranza e a vida das mulleres.

Cooperaremos coas distintas administracións competentes para garantir unha actuación eficaz na identificación, prevención e protección de casos de violencia machista. Formaremos ao persoal do Concello máis implicado nestas tarefas sobre atención a vítimas de maltrato.

Apoiaremos desde o Concello ás vítimas da violencia contra as mulleres, facilitándolle a información, asesoramento e medidas de protección e acollemento que sexan precisas.

Apoiaremos tamén con actuacións diversas a coeducación, a conciliación laboral e a corresponsabilidade familiar, como elementos de avance cara a igualdade.

Defenderemos a promoción das mulleres no ámbito laboral e en igualdade cos homes, como garante de emancipación persoal, apoiando diverso tipo de actividades de sensibilización, información, formación e inserción dirixidas a este fin.

Velaremos para que, nas políticas de contratación do Concello e das entidades coas que se establezan concertos, se apliquen criterios de paridade, perspectiva de xénero e accións positivas.

Aplicaremos nas iniciativas locais e nas políticas municipais aquelas medidas que favorezan a formación, a mellora da cualificación e a contratación das mulleres, para avanzar no estado de igualdade, mellorar as condicións laborais en sectores de emprego altamente feminizados e fomentar a incorporación en igualdade das mulleres a postos de traballo tradicionalmente masculinizados.

Conmemoraremos o Día internacional da muller e o Día internacional pola eliminación da violencia contra as mulleres, aproveitando estas datas para afondar na sensibilización e no compromiso social.

Faremos tamén manifestación expresa de condena dos actos de violencia machista, procurando a apoio dos veciños e veciñas do municipio e o compromiso de todos e todas para erradicala da nosa sociedade.

12. Apoiaremos á mocidade nas súas necesidades sociais e promoveremos a súa iniciativa.

Levaremos a termo unha atención específica ás necesidades da mocidade, procurando responder aos seus intereses xeracionais e contribuir á súa progresiva autonomía persoal e a súa emancipación económica. Trataremos de que a xente nova atope no municipio as alternativas e recursos que lles faciliten as súas posibilidades de desenvolvemento, atendendo ás súas necesidades e intereses específicos.

Promoveremos a creación dunha casa da mocidade, concibida como ente dinamizador e de participación do asociacionismo e da iniciativa da xente nova e dos estudantes, como local de reunión das asociacións e colectivos e como centro de información, asesoramento e recursos. Dito centro podería emprazarse nos locais da vella biblioteca, unha vez se poña en marcha a nova instalación.

Reforzaremos así as funcións e posibilidades da actual OMIX, desde a que se difundirán as convocatorias e recursos de interese aos que poden acceder a mocidade e o estudantado (becas de estudo, ofertas de emprego e bolsas de prácticas, campamentos, albergues e programas de tempo libre, convocatorias de concursos e certames, cursos, convocatorias europeas e programas de intercambio, entre outros) e colaboraremos na tramitación do carné xove e daquelas outras acreditacións que aporten vantaxes ás actividades de mozos e mozas.

Desenvolveremos campañas de información e formación dirixidas á xente nova, relacionadas con temas diversos como sexualidade, anticoncepción e planificación familiar, relacións afectivas, vida en igualdade, prevención de drogodependencias, emancipación, habilidades sociais ou emprego, entre outras.

Atenderemos as demandas de actividades sociais, culturais e deportivas que interesan á mocidade, procurando inserir ditas actividades nas axendas e programas municipais.

Prestaremos especial atención ás modalidades deportivas do gusto da mocidade, mellorando instalacións e definindo espazos para a súa práctica. Axilizaremos ou reclamaremos unha rápida execución e posta en funcionamento do espazo deportivo e lúdico de Porto do Molle, conformado por pistas e espazos de atletismo, parque para a práctica de skate, circuito de bicicletas e zonas de esparexemento e ocio.

Trataremos de facilitar a apertura das instalacións deportivas dos centros públicos das diferentes parroquias fora de horario escolar, co fin de propiciar o exercicio deportivo e o xogo entre a nosa mocidade.

Realizaremos accións de información e orientación cara os estudantes, para facilitar o maior aproveitamento posible das súas capacidades, de acordo aos circuitos de formación e os recursos sociais e educativos existentes, tratando de evitar o fracaso escolar e o abandono temprano dos estudos.

Reclamaremos á Xunta de Galicia, con toda a forza posible, o dereito da mocidade a un ensino público e de calidade, denunciando o deterioro dos servizos, que se manifesta en fenómenos como o aumento dos ratios de alumnado, as peores condicións laborais do profesorado, a insuficiencia de medios para atender ás necesidades das aulas e dos centros, as dificultades para a obtención de becas de axuda ao estudo, entre outros aspectos.

Esixiremos melloras na rede de centros de secundaria do municipio e do Val Miñor, procurando que se impartan novos ciclos formativos na comarca e que estean presentes nestes concellos todas as modalidades de bacharelato, asi como que se dispoñan recursos públicos para desenvolver estudos musicais e de idiomas na nosa zona.

Potenciaremos a cooperación a diferentes niveis coa Universidade de Vigo, en medidas de apoio ao estudantado e as actividades académicas e de investigación que esta entidade realiza. Divulgaremos e fomentaremos tamén a participación da nosa mocidade en programas educativos da universidade e nas actividades da UNED.

Promoveremos medidas concretas de apoio ao emprego xuvenil adaptadas ás características do noso concello, mediante accións de asesoramento, actividades de formación, procesos de intermediación con empresas e creación de bolsas para prácticas en actividades municipais. Nesta liña, tamén colaboraremos na procura do retorno da mocidade galega emigrada.

Estudaremos e trataremos de aplicar medidas que axuden á existencia dunha oferta de vivenda de protección social e dun parque de vivenda en aluguer que favoreza a posibilidade de asentamento da xente moza no noso concello, o que contribuirá a un maior dinamismo social e traerá beneficios para a economía local.

Demandaremos da administración autonómica o establecemento de liñas e servizos de transporte público que respondan de xeito especial aos intereses do colectivo de estudantes e xente moza, que supoñan a ampliación dos horarios do final do día cara Nigrán e cara Vigo, así como a mellora sustancial dos servizos que, nestas liñas entre o noso municipio e Vigo, se ofrecen durante as fins de semán. Reclamaremos tamén unha liña que comunique o noso municipio co campus da Universidade de Vigo e procuraremos a implantación de servizos nocturnos de fin de semana, para facilitar a mobilidade ligada ao ocio e promover a seguridade nas estradas.

13. Desenvolveremos políticas a favor da xente maior, procurando a súa plena integración social e atendendo as súas necesidades específicas e os seus diferentes intereses.

O avellentamento progresivo da poboación é unha realidade que afecta, con distintos niveis de gravidade, ao conxunto da Galiza e da que Nigrán non pode considerarse alleo.

Debemos planificar e preparar o noso municipio para que poida responder en todos as frontes ás necesidades que derivan desta realidade demográfica. Cómpre abordar, por exemplo, a atención que debe darse desde os poderes públicos a todas as necesidades especificas que conlevan as situacións de discapacidade, os problemas de mobilidade ou os estados de dependencia, nomeadamente a perda de autonomía persoal. Igualmente, é preciso saber como actuar ante a insuficiencia de recursos económicos das persoas maiores para poder atender ás súas necesidades básicas e ás situacións de ausencia de apoio familiar. É por suposto igualmente necesario atender aos problemas de saúde que afectan aos nosos maiores e coidar das situacións de illamento e soidade, entre outras cuestións que poden provocar a marxinación social desde colectivo.

Ante todo isto Nigrán debe actuar, esixindo o compromiso das administración nas políticas de atención e inclusión social e atendendo ás necesidades concretas da xente maior, para contribuir desde o Concello á súa calidade de vida e ao mantemento durante o maior tempo posibel da súa autonomía persoal, procurándolles alternativas que estimulen a súa actividade e as súas posibilidades de desenvolvemento no municipio, atendendo na medida do posible ás súas necesidades e intereses específicos.

Reclamaremos politicamente os dereitos da xente maior a unha vida digna, esixindo da administración do Estado e da Xunta de Galiza os compromisos e accións que garantan pensións suficientes e servizos de atención social integral ás necesidades das persoas maiores.

Demandaremos especialmente o apoio das administracións competentes ás situacións de emerxencia social, a atención á demanda de prazas para maiores en residencias e centros de día, o cumprimento da Lei de dependencia e as medidas sociais e económicas de apoio ás persoas coidadoras de dependentes, pois é crucial actuar en apoio das persoas con maiores necesidades de coidado e máis vulnerábeis.

Desde o Concello atenderemos ás persoas maiores utilizando os servizos sociais municipais e os recursos existentes para potenciar o seu benestar e autonomía, organizando os servizos que contribúan a resolver as súas necesidades fundamentais e aqueles problemas que poidan derivar da súa maior ou menor dependencia.

Procuraremos facilitar que as persoas maiores e persoas dependentes se poidan manter na súa contorna de vida habitual e apoiaremos ás familias coidadoras, organizando ou cooperando na implantación de medidas de teleasistencia, asistencia, axuda no fogar, xantar na casa ou transporte adaptado, tanto no marco de iniciativas prestadas desde o propio Concello como a través de convenios con outras entidades ou administracións.

Propoñeremos a reutilización como equipamento social de atención á maiores do antigo edificio do centro de saúde de Panxón para a ubicación nel, unha vez rehabilitado e adaptado, dun Centro de día público para persoas da terceira idade e maiores dependentes, dotado de acordo coa normativa reguladora.

Xunto co Centro de día, conviría estudar a posibilidade de crear nas mesmas instalacións, un local de participación activa da terceira idade, que funcionaría como centro sociorecreativo de réxime aberto, orientado a todas as persoas maiores de Nigrán e dotado con espazos de uso múltiple e elementos para actividades situados no interior do edificio e mesmo na contorna exterior do mesmo. Este espazo sociorecreativo podería reemplazar as moi escasas funcións que para as persoas maiores cubre o actual Centro da terceira idade da Ramallosa, local que deste xeito podería ser destinado a outros fins de interese público.

Polo carácter dotacional do espazo no que se ubica, por encontrarse sen uso, polas súas posiblidades de rehabilitación e polo entorno no que se encontra, consideramos de gran interese que todos estes equipamentos dirixidos aos maiores se sitúen neste lugar. Para este proxecto sería preciso garantir a cesión das instalación e o apoio financeiro da Xunta de Galiza e adoptar unha fórmula axeitada que permita viabilizar a súa xestión ordinaria. O centro podería prestar servizo ás necesidades dos tres concellos miñoranos e mesmo podería ser xestionado pola propria Mancomunidade do Val Miñor.

Namentres este proxecto non poida facerse realidade, propoñemos que se siga usando o actual Centro da terceira idade da Ramallosa para o desenvolvemento de actividades para as persoas maiores, intensificando o uso e a oferta da programación.

Estudaremos as necesidades de prazas en residencias da terceira idade, para favorecer en todo o posible o acceso en tempo axeitado das persoas que o precisen a ditos centros, procurando tamén que poidan manterse nos contornos próximos ás súas familias e aos seus anteriores lugares de residencia. Esixiremos á Xunta de Galiza a súa plena implicación na previsión dos recursos de asistencia e na atención da demanda que se produza, financiando a creación de residencias públicas.

Desenvolveremos un programa de avellentamento activo para favorecer a iniciativa das persoas maiores e previr a perda de facultades e autonomía persoal. Promoveremos a dotación de recursos de ocio e deporte para este colectivo, tanto en locais e espazos públicos parroquiais, como nos centros sociais municipais que se habiliten para a súa atención. Colaboraremos tamén no deseño de actividades e na difusión de información útil para os nosos maiores e xubiladas, coa fin de abrirlles un abano de posibilidades de actividade e lecer para o disfrute do seu tempo, o fomento das súas relacións sociais e os contactos interxeneracionais.

Difundiremos e promoveremos activamente a incorporación das persoas maiores aos programas públicos existentes en materia de ocio e tempo libre, saúde, formación de persoas maiores, e outros, como é o caso dos programas do INSERSO, as estadías en balnearios ou o Programa universitario de maiores que organiza a Universidade de Vigo.

Estimularemos o altruismo e fomentaremos o voluntariado social para a atención e socialización das persoas vellas. Debemos procurar a súa inclusión social, conversando con elas e manténdoas informadas, acompañándoas nas súas saídas e facéndolles participes da realidade local, implicandoas en tarefas diversas que favorezan a súa autonomía e melloren a súa autoestima ou ofrencéndolles posibilidades de ocio e de relación con outras persoas, mesmo con xente de xeneracións moi distantes ás súas.

14. Promoveremos un medio ambiente saudable, a xestión racional dos recursos e a conservación dos valores naturais.

Aplicaremos políticas transversais de medio ambiente na xestión dos asuntos municipais e introduciremos, nas actividades realizadas ou promovidas polo Concello, actitudes e comportamentos que supoñan cada vez un maior compromiso na defensa do medio, no aforro enerxético e de recursos, na xestión de residuos e na conservación dos espazos naturais e das contornas. Cremos que coas nosas actuacións desde o ámbito local podemos contribuir á mellora do ambiente global e que desde os concellos debemos axudar a unha menor xeración de carbono e a evitar o cambio climático e as súas consecuencias.

Abordaremos un proceso participativo encamiñado á implantación dunha axenda local que agrupe a vontade da veciñanza e dos axentes sociais e económicos e que promova a toma de medidas ambientais e de sostibilidade que sexan oportunas, nos plans e proxectos municipais e en todas as políticas sectoriais do Concello.

Un medio ambiente saudable para a veciñanza

Actuaremos no coidado da contorna e na xeración dun medio ambiente saudábel, que esté o máis libre posible de contaminacións, e que permita o desenvolvemento integral das persoas e contribúa a súa calidade de vida.

Entre outros aspectos, temos a responsabilidade social e ambiental de esixir ás administracións competentes e promover desde as nosas competencias, como se explicita extensamente no capítulo 17 deste programa, un conxunto de medidas que impulsen unha mobilidade máis sostíbel, centrada nuns servizos de transporte público eficientes e na mellora das condicións que posibiliten facer vida a pé e en bicicleta en detrimento dos privilexios outorgados ao coche, e tamén centrada na posta en valor, nas mellores condicións ambientais, das vías e dos espazos públicos para o disfrute das persoas e para as relacións sociais.

Neste ámbito, traballaremos no mantemento, en bo estado, das sendas naturais principais que atravesan o Concello, fomentando o seu uso racional, como lugares para camiñar ou facer actividades deportivas compatibles co medio ambiente, estudando tamén as posibilidades de conformar no futuro novas sendas.

Promoveremos a participación social na toma de decisións que afectan ao noso medio ambiente e desenvolveremos actividades de educación ambiental dirixidas a informar e sensibilizar a toda a cidadanía.

Impulsaremos a creación dunha rede de voluntariado ambiental que contribuirá a mellorar a nosa contorna a través de campañas e accións informativas, ou mediante a execución de tarefas voluntarias, como pode ser, por exemplo, a retirada de lixo de zonas naturais, a repoboación forestal en espazos degradados ou o embelecemento de lugares.

Promoveremos os modos de vida ecolóxicos e o consumo consciente e responsábel. Apoiaremos mediante accións de información, promoción e sensibilización, a difusión destes modelos de consumo e favoreceremos o aproveitamento dos produtos locais, estimulando a posta en marcha, no noso municipio, de actividades de agricultura natural de autoconsumo e de produción ecolóxica con fin comercial.

Procuraremos fomentar a cultura de respecto ao medio e a natureza, aos ecosistemas e as especies e os seus hábitats.

Reforzaremos as medidas de control e inspección ambiental que dependan dos servizos municipais e demandaremos o propio das outras administracións competentes, cooperando cos servizos públicos encargados da vixilancia. Denunciaremos aquelas actividades que supoñan danos ao medio e nos oporemos a aqueles proxectos que poidan ter un impacto negativo e conleven o deterioro das condicións do noso territorio e da calidade de vida.

Combateremos os costumes e actividades que conleven o maltrato animal e o abandono de mascotas, sensibilizando á poboación e apoiando iniciativas neste senso, como contribuir ao mantemento das actividades das entidades protectoras ou evitar no noso municipio a celebración de actividades que poidan conlevar maltrato, como os circos ou as atraccións feriais que empregan animais.

Defensa dos ecosistemas, dos recursos naturais e da paisaxe

Promoveremos iniciativas para a protección dos ecosistemas, espazos e recursos naturais cos que conta o municipio, como as áreas de montaña, os vales e ríos e os espazos de costa. Lugares como o rio Miñor e a súa foz, o curso do rio Muiños, os areais e espazos dunares da nosa costa, os cantís costeiros e a masa forestal do Monteferro ou as áreas de monte de moitas das nosas parroquias, como en Chandebrito, Priegue, Camos e Parada, merecen toda a nosa atención e coidado.

Favoreceremos ao tempo a súa posta en valor, a través de accións de información e sensibilización dirixidas á poboación do Concello e aos visitantes, mantendo unha rede de roteiros naturais e programando visitas guiadas, entre outras medidas.

Desde o Concello defenderemos tamén a preservación dos espazos de uso agrario e forestal para evitar a súa degradación, tratando de acadar, a través do PXOM e doutras medidas, o respecto ás súas funcións tradicionais, evitando que se perda o seu potencial produtivo ou que sexan ocupados por edificacións.

Promoveremos unha maior implicación das administracións públicas e doutras entidades no deseño, promoción e xestión de proxectos que reforcen a protección e a mellora dos espazos naturais do municipio. Nomeadamente, pola súa importancia e urxencia, promoveremos e buscaremos toda a colaboración posíbel para levar adiante un Plan de rexeneración integral da zona da foz e da marisma do Miñor, que implique o seu saneamento, medidas de protección da natureza e a recuperación dos vellos bancos marisqueiros para consumo humano.

Trataremos de contar coa colaboración da Dirección Xeral de Costas en proxectos e medidas de conservación e uso da nosa faixa litoral e poñeremos máximo interese no coidado e na preservación da natureza das nosas praias.

Conscientes da sobrepresión ao que están sometidos os nosos areais, especialmente durante o verán, tomaremos medidas de limitación do tránsito rodado e de aparcamento nas súas inmediacións para evitar danos irreparables e facilitar unhas mellores condicións de uso público e de seguridade na contorna das nosas principais praias. Procuraranse habilitar, cando sexa posible, zonas de aparcadoiro disuasorio en áreas máis alonxadas, desde as cales se poida acceder a pé.

Realizaremos un coidado das praias con criterios ambientais, procurando adaptar a estes criterios os plans específicos de limpeza que se realizan durante o verán e as diferentes intervencións de acondicionamento que teñen lugar nos meses previos (accesos, colocación de elementos ligados a servizos, movemento de area e limpeza xeral, instalación de elementos flotantes para a limitación de zonas de baño).

Promoveranse actuacións de recuperación ambiental centradas na retirada de residuos de obra e lixo arrastrado polo mar dos espazos costeiros do municipio.

Actuaremos desde o Concello, na medida das nosas posibilidades e competencias, na defensa dos espazos forestais, pois Nigrán precisa recuperar o valor do monte, preservar as súas funcións naturais e fomentar o seu aproveitamento mútiple e sustentábel.

Cooperaremos no desenvolvemento de medidas de prevención e extinción de incendios e promoveremos a recuperación ambiental e a posta en valor dos nosos montes, a través de proxectos de actuación (fomento do uso múltiple, diversificación de aproveitamentos, biodiversidade) e acordos coas comunidades de montes veciñais en man común.

Aseguraremos o cumprimento da normativa de protección de nucleos rurais fronte ao risco de incendios, esixindo o mantemento de faixas de xestión de biomasa nas proximidades das poboacións e reclamaremos da Xunta de Galiza a profesionalización das brigadas forestais baixo mando único da administración galega. Demandaremos tamén que se amplien as liñas de axuda dirixidas a equipamentos municipais contra os incendios.

Realizaremos actuacións de información dirixidas a comunidades e propietarios de montes, para tratar de promover un futuro para Nigrán sen eucaliptos e fomentar as repoboacións con especies autóctonas.

Contribuiremos á recuperación dos montes e á conformación de parques forestais, comezando polo parque dos Matos en execución. Colaboraremos coas comunidades de montes veciñais en man común de Camos, Chandebrito, Priegue, Parada e Panxón para crear novos parques forestais.

Introduciremos na nosa acción medioambiental a sensibilización social e a toma en consideración permanente da paisaxe como un elemento esencial do noso patrimonio natural e cultural, que cómpre protexer e preservar, e que debe estar presente en todas as actuacións que acometa o Concello ou desenvolvan os actores do territorio.

Estimularemos as iniciativas particulares e veciñais que se dirixan a mellorar a contorna, a través das pequenas intervencións que todos e todas podemos realizar nas nosas casas ou no coidado dos lugares próximos que habitamos.

Coidaremos a calidade paisaxística do municipio. Introduciremos o seu tratamento nos proxectos que se promovan e fomentaremos progresivamente o soterramento dos innumerables tendidos eléctricos e cables telefónicos que atravesan viais e núcleos, cun forte impacto visual e multiples inconveniencias, asi como a retirada de grandes valados publicitarios que estean colocados en lugares de maior impacto paisaxístico.

Protección dos recursos hídricos e xestión da auga

Defendemos un uso sostible dos recursos hídricos e un tratamento adecuado, eficaz e eficiente no referido ao ciclo da auga, que cubra axeitadamente os procesos de captación, distribución, saneamento e depuración, polo que procuraremos unha efectiva coordinación das competencias en materia de auga entre o Concello e a Xunta de Galiza para conseguir estes obxectivos.

Procuraremos unha maior sensibilización e implicación social e unha mellor cooperación entre as administración para impulsar cambios no modelo de uso e no coidado dos nosos recursos hídricos, protexendo os ecosistemas, preservando o territorio dos riscos das secas e fomentando unha cultura da auga orientada ao seu aforro, a súa reutilización, a evitar a súa contaminación e aos outros aspectos dunha xestión racional e sustentábel.

Demandaremos e controlaremos o mantemento da auga de consumo humano das traídas nas mellores condicións para a saúde. Velaremos por unhas boas condicións das redes de abastecemento da traída municipal e colaboraremos tamén coas comunidades de augas para garantir calidades e cantidades suficientes nos nucleos rurais que contan con este sistema de subministro. Controlaremos igualmente a calidade das augas en fontes públicas, tomando aquelas medidas que sexan pertinentes cando os parámetros non as fagan axeitadas a determinados usos.

Promoveremos o hábito de beber auga. Facilitaremos o acceso a bebedoiros de auga potábel en centros escolares, centros sociais e parques e espazos públicos do Concello.

Traballaremos no mantemento e mellora da rede de sumidoiros do noso concello e demandaremos un tratamento axeitado de depuración de todas as augas residuais do municipio. Denunciaremos as infraccións por contaminación de augas que se produzan, colaborando no control dos verquidos ilegais e na persecución dos infractores.

Actuaremos na progresiva separación de augas pluviais e fecais nas redes de sumidoiros, con especial atención aos espazos urbanos.

Controlaremos tamén a calidade das augas de baño das praias.

Sensibilizaremos a prol do aforro e do consumo responsábel da auga.

Promoveremos medidas de aforro nas instalacións municipais e o uso racional da auga nos procesos de limpeza de vías públicas e nos tratamentos de espazos verdes e xardíns públicos.

Estudaremos os protocolos de actuación en casos de seca e as medidas a implementar para evitar consumos innecesarios de auga e controlar os excesos que se producen especialmente durante o verán, cando aumenta a poboación do concello e son máis frecuentes as demandas para as actividades de rega e o consumo para piscinas.

A prol dunha xestión de residuos máis racional

O BNG rexeita o tratamento de residuos que desenvolve SOGAMA, baseado na incineración da case totalidade dos materiais e que non ofrece cobertura á necesidade ambiental e legal de reciclar os biorresiduos. Galiza precisa abordar un fondo debate social para avanzar no deseño dun outro modelo de xestión, que se apoie na implicación colectiva e na participación directa da sociedade e que deberá supoñer cambios moi significativos no proceso de xestión municipal do lixo.

Criticaremos pois os modelos que conducen aos municipios galegos á ter que utilizar e financiar macroplantas de incineración de residuos e defenderemos e cooperaremos con outros municipios para levantar alternativas viábeis e sostibles fronte a SOGAMA e as súas dioxinas.

É unha esixencia cooperar para que estes cambios se produzan e veñan, ademais, acompañados doutras mudanzas precisas que terán que acabar impoñéndose no referido aos modelos de consumo, a producción de materiais e os sistemas de aproveitamento e redución dos residuos, favorecendo a economía dos materiais e os modelos de economía circular.

Mais mentres esta situación idónea non se dea, os concellos debemos cooperar para dotarnos duns sistemas o máis ambientalmente e económicamente sostibles, sempre nas marxes das posibilidades limitadas que temos.

No que se refere á xestión dos residuos urbanos ou municipais asumiremos as nosas competencias proprias e demandaremos da Xunta de Galiza, da Deputación Provincial e daqueles outros organismos que poidan estar implicados na xestión dos distintos tipos de residuos e dos solos contaminados ou degradados, a maior colaboración posíbel en beneficio do medio ambiente, da calidade de vida e da saúde da nosa poboación. Denunciaremos políticamente os sistemas baseados na incineración e defenderemos a implantación futura de sistemas de xestión supramunicipal, sempre que respondan aos intereses ambientais e sociais da comunidade.

Estudaremos con detalle o marco normativo e contractual e a planificación existente no ámbito da xestión municipal, promovendo aquelas melloras que se consideren oportunas para optimizar o sistema de recollida, transporte e valoración dos residuos xestionados.

Procuraremos contribuir a redución do lixo que se xenera co obxectivo de que se rebaixen ou se incrementen o menos posíbel os custos de recollida, transporte e traslado ás plantas de tratamento e eliminación dos residuos.

Realizaremos accións de sensibilización e información social, dirixidos á poboación en xeral e a sectores específicos, para promover un consumo consciente, reducir a xeración de residuos, promover a reutilización de produtos, favorecer a compostaxe doméstica e optimizar os sistemas de recollida selectiva, o punto limpo e os servizos municipais.

Desenvolveremos un sistema de recollida selectiva cada vez máis completo, que permita a reciclaxe e unha mellor xestión e valorización de residuos domésticos frecuentes e outros residuos municipais.

Trataremos de incrementar progresivamente na xestión municipal, medidas que favorezan a recollida de materia orgánica e o seu traslado a lugares nos que valorizar estes residuos, asi como a compostaxe doméstica e comunitaria, que pode evitar a chegada aos puntos de recollida de grandes cantidades de materia.

Estudaremos as posibilidades de apoiar ou adscribir no futuro ao Concello en programas de compostaxe promovidos pola Deputación de Pontevedra ou auspiciados a través da cooperación intermunicipal ou en colaboración con outras entidades. Neste senso, trataremos de cooperar cos concellos veciños e coa Mancomunidade do Val Miñor e trataremos de chegar a acordos con comunidades de montes en proxectos de mellora de solos forestais e tratamento de biomasa que permitan aceptar achegas de materia orgánica dos residuos xenerados no concello.

Procuraremos reforzar a atención á veciñanza e ao sector servizos, para mellorar a recollida e reciclaxe dos residuos, facilitando a recollida de grandes volumes e restos vexetais, os acordos con grandes xeradores de residuos e unha maior aproximación dos puntos de recollida con contedores selectivos á poboación e as zonas de servizos e actividades onde se producen. Elaboraremos tamén un programa para un uso máis intensivo do Punto Limpo de Nigrán.

Controlaremos o abandono de residuos nas vías públicas e retiraremos os residuos abandonados en pequenos verquedoiros incontrolados, ciscados polo municipio, perseguindo e sancionando aos infractores.

Continuaremos a atender a recollida de lixo esparexido nas beirarruas e espazos públicos e a limpeza xeral das vías.

Desenvolveremos protocolos e plans especiais de limpeza para a atención de festas e eventos nos que se produza unha especial concorrencia de poboación.

Realizaremos limpeza de praias, con criterios ambientais, incluindo un plan de recollida de cascallos e materiais grosos que danan o medio natural e a calidade paisaxística dos areais (residuos de construción, plásticos, redes, cordas e restos de embarcacións).

Demandaremos que as administracións competentes asuman adecuadamente o control da xestión de residuos especiais ou perigosos xerados no noso concello, que non poden ser tratados como residuos urbanos e que soen estar en relación con determinadas actividades dos sectores económicos (construcción, industria, sector primario, sector servizos), e que deben ser derivados ás plantas de tratamento que procedan.

De igual forma, actuaremos no control das actuacións de almacenamento de materiais e de depósito de residuos por parte de persoas e empresas que non se axusten a permisos e licencias, especialmente cando afectan a vías e espazos públicos, tendo en conta os impactos ambientais que producen, as razóns de seguridade e as molestias que ocasionan á contorna e a veciñanza.

Aforro no consumo e defensa dunha política enerxética social e sostible

Manteremos unha posición política crítica fronte ao lobby enerxético e demandaremos unha política enerxética social e ambientalmente responsable, con enfoque galego, que teña en conta as necesidades do noso país e da súa poboación, asi como o feito de ser Galiza unha grande produtora de enerxía sen obter vantaxe ningunha, pois ademáis dos danos ambientais que padece como consecuencia desta produción, o pobo galego debe pagar un dos prezos máis elevados da electricidade de todo o Estado.

Fronte ao expolio enerxético e o abuso das empresas eléctricas reclamaremos, tamén desde o Concello, a responsabilidade do Estado e da Xunta na defensa dos recursos enerxéticos e do interese público, o que se debería traducir a curto prazo na conformación dunha tarifa eléctrica galega. Esta tarifa permitiría ás familias e ás empresas da nosa localidade beneficiarse da riqueza enerxética do país e un considerábel aforro anual nas facturas que pagan pola electricidade. A isto se deberían engadir outras medidas, como a redución do IVE da electricidade e unha política social que actúe contra a pobreza enerxética e que impida que se corte a luz ás

familias que non poden facer fronte ás facturas. Máis alá, o Estado e Galiza deberán afondar en medidas estructurais que fomenten o control público dos recursos e aposten polas enerxias renovabeis e un novo modelo enerxético limpo e social, ao servizo das necesidades fundamentais da xente e do desenvolvemento sostible do territorio.

Na xestión municipal, afondaremos nas políticas tendendes a aminorar o consumo eléctrico do Concello, mediante actuacións de aforro e eficiencia enerxética (no alumeado público, nas instalacións municipais ou nos tendidos de festa, entre outros).

Esixiremos calidade na prestación do subministro eléctrico á veciñanza e as empresas do noso municipio, para que sexan historia os tradicionais apagóns e caídas de tensión aos que nos teñen acostumados.

15. Avanzaremos nun modelo de urbanismo ao servizo da maioría social e que promova o desenvolvemento sostible do municipio.

Defendemos un modelo de ordenación territorial racional, que preserve e desenvolva de forma sostible as nosas potencialidades, conformando nucleos urbanos e rurais ben dotados e atendidos.

Propugnamos un modelo de urbanismo e xestión do solo que socialice as vantaxes da planificación, poña freo aos pelotazos e limite ao máximo posible a capacidade dos especuladores, que serva para reequilibrar e poñer orde no territorio, protexendo os nosos recursos e garantindo un medio ambiente saudable que mellore a vida da nosa poboación.

Consideramos de máximo interese unha política do solo que permita configurar espazos centrais no municipio para a ubicación de equipamentos públicos futuros, procurando que Nigrán poida contar con centros de actividade ben dotados, que favorezan a eficiencia dos equipamentos e servizos que se prestan, proporcionen maior accesibilidade das persoas e aforren desprazamentos da maioria da poboación para a realización das diversas actividades. Isto fará máis competitivo e menos dependente o noso municipio, fronte á atracción da gran área de servizos que é Vigo, o cal redundará na calidade de vida de veciños e veciñas, asi como no comercio e no emprego local.

Defendemos tamén unha xestión do solo que posibilite o acceso á vivenda digna para os habitantes do municipio, en condicións socioeconómicas máis favorables e coa menor interferencia posible de fenómenos especulativos. Trátase de favorecer o dereito á vivenda, sexa en propiedade ou en aluguer, e os desenvolvementos urbanísticos programados, ben urbanizados e con medidas de protección oficial, que poden ser un elemento de dinamización socioeconómica, rexuvenecemento poboacional e de mellora da calidade de vida da poboación.

Traballaremos para a aprobación dun Plan Xeral de Ordenación Municipal que favoreza o desenvolvemento equilibrado e sustentábel, contribuíndo a mellorar a calidade de vida e a cohesión social da poboación, asi como á preservación dos nosos recursos. Este plan deberá contar co maior nivel de consenso e participación veciñal.

Defenderemos unha máxima protección para os nosos recursos naturais, evitando en todo o posible o futuro impacto dos novos desenvolvementos urbanísticos e das obras de infraestructura sobre o noso medio e a paisaxe.

Esixiremos unha estrita protección da faixa litoral, como zona especialmente sensible á especulación e a destrución, garantindo que os proxectos cumpran ao máximo coa normativa medioambiental e urbanística, co Plan de ordenación do litoral, coas Directrices de ordenación do territorio e coa Lei de costas.

Na mesma liña, esixiremos o respecto máximo aos nosos espazos naturais e velaremos polo coidado das beiras dos ríos e a preservación das masas de solo agrario e forestal, coa plena implicación das administración competentes.

Defenderemos a transparencia e o rigor na xestión urbanística, facendo que revirta en beneficio dos intereses colectivos da cidadanía, impedindo favoritismos e reforzando os sistemas de inspección, acabando coa tolerancia das obras ilegais e das infraccións que teñen provocado o deterioro do medio e situacións caóticas que despois temos que sofrir toda a veciñanza.

16. Apoiaremos políticas de vivenda acordes cun modelo sostible de ordenación do territorio e que promovan que a cidadanía poida acceder a vivendas dignas.

Cooperaremos coa cidadanía na reivindicación do dereito das persoas a vivir en vivendas dignas, como recoñece o permanentemente violado artigo 47 da Constitución do Estado.

Enfocaremos as políticas de ordenación do territorio e urbanismo, e por suposto a política de vivenda, a evitar os procesos de especulación, promover medidas de protección oficial que favorezan a posibilidade de acceso á propiedade en condicións máis vantaxosas para a xente e estimular o mercado de vivenda en aluguer que aproveite o patrimonio inmobiliario existente e ofreza alternativas de vivenda na localidade ás persoas residentes que optan por esta modalidade.

Defendemos unha política de vivenda social para Nigrán, que rexuveneza e dinamice a vida social do municipio e que, xunto coa vivenda en aluguer, abra expectativas de poder residir no Concello á xente moza.

Nesta liña, oporémonos a posíbeis intentos de redución das porcentaxes de vivenda protexida no PXOM e favoreceremos a reserva de solo municipal para promover vivenda protexida, tendo en conta o seu interese social.

Defendemos a posta en uso das vivendas desocupadas que actualmente existen no municipio, pois parécenos a forma social e ambientalmente máis responsábel de actuar, se ben somos conscientes das limitacións do Concello e do marco xurídico de libre mercado no que nos movemos. Trataremos modestamente de contribuír a evitar os procesos especulativos e promover a posta en alugueiro permanente de vivendas desocupadas, como forma de mellorar as posibilidades de residencia estable de poboación no noso concello, nomeadamente de xente moza. Entendemos que estas medidas son unha forma de dinamizar a economía local, ademais de ser un xeito racional de rendibilizar os investimentos realizados, que beneficia directamente ás persoas propietarias e socialmente aos demandantes de vivenda e ao conxunto da cidadanía.

Defendemos o dereito a vivir baixo un teito. Actuaremos con responsabilidade social, e ao límite das nosas competencias e capacidades, ante as situación de emerxencia social que poñan en risco este dereito humano, tratando de buscar alternativas viábeis e esixindo a acción inmediata das administracións competentes . Combateremos os desafiuzamentos da xente modesta que se poidan producir pola imposibilidade real de facer fronte aos seus contratos e tomaremos medidas de denuncia pública e presión sobre aquelas entidades que estean implicadas na expulsión inhumana de veciños e veciñas das casas nas que moran.

Procuraremos incidir positivamente, no marco das competencias municipais e a través de medidas de información, asesoramento e sensibilización, na estimulación de iniciativas e decisións colectivas e individuais que favorezan o alongamento da vida útil do parque de vivendas, as condicións de habitabilidade das edificacións, a sostibilidade ambiental, a conservación do hábitat tradicional e da arquitectura popular e o coidado en xeral do territorio. Nesta liña, informaremos sobre requisitos preceptivos e axudas públicas dispoñíbeis, apoiando as actividades de restauración e rehabilitación da vivenda, o remate das obras inacabadas, as reformas que conduzan a mellora da súa confortabilidade, a incorporación de medidas de xestión e eficiencia enerxética, as reformas que incrementen medidas de accesibilidade para persoas con problemas de mobilidade e aquelas outras que vaian na liña de favorecer as condicións de mobilidade nos espazos comunitarios e nos espazos públicos que limitan coas casas e edificios de vivendas. Estas medidas, executadas correctamente, teñen incidencia positiva sobre o medio ambiente, a conservación do territorio e dos recursos, a calidade de vida da poboación e tamén na economía do municipio, ao estimular o emprego da veciñanza e o traballo das empresas locais.

Entre as accións de información a acometer, consideramos conveniente promover unha campaña de sensibilización para a conservación das construccións rurais tradicionais e para a adecuación de novas edificacións á contorna, con criterio medioambiental e paisaxístico, procurando a difusión das características tipolóxicas da nosa arquitectura local e o coñecemento e uso dos materiais propios da zona e as súas calidades.

17. Traballaremos a prol dun municipio ben conectado, que impulse un novo modelo de mobilidade máis sustentable, seguro e social, con servizos de transporte público eficientes e que recupere para a xente os espazos públicos.

As persoas que habitamos o concello e aquelas outras que desexan ou precisan achegarse ao noso territorio necesitan contar cun sistema de comunicacións ben estruturado, interconectado e que conte con medios de transporte público eficientes. Favorecer a conexión e a mobilidade de persoas e materiais é, no noso tempo máis que nunca, unha absoluta necesidade.

Esiximos melloras na conectividade do noso municipio cos concellos veciños, a nivel comarcal e con outros territorios máis alonxados. Isto esixirá melloras na rede viaria principal e secundaria, cambios nas condicións de uso da autoestrada e sistemas de transporte público por estrada que fomenten a intermodalidade e conecten o noso territorio cos principais equipamentos e centros de actividade, asi como coas estacións e servizos centrais da área de Vigo (futura estación intermodal, aeroporto e estación marítima).

Neste senso, seguiremos a demandar a gratuidade da AG-57, como forma de contribuír a desconxestionar as vías secundarias do Val Miñor e mellorar as condicións dos tránsitos de accesibilidade ao noso territorio e de comunicación por estrada con localidades e centros neurálxicos da área de Vigo e cos enlaces a outras vías de alta capacidade.

O transporte público xoga tamén un papel transcendental na implantación dun novo modelo de mobilidade que favoreza ao noso territorio e mellore a calidade de vida da nosa veciñanza.

Aínda que as competencias en materia de transporte corresponden á Xunta de Galiza, o concello actuará como un axente activo na procura de solucións e melloras a uns servizos hoxe insuficientes e que presentan enormes carencias para cubrir as necesidades da nosa poboación e servir ao cambio de hábitos da xente.

Nos últimos anos, a veciñanza puido comprobar como, non soamente non melloraban os servizos de transporte público intermunicipal, senón que mesmo empeoraban, cunha redución progresiva das frecuencias nas diferentes liñas, entre outros aspectos dunha moi deficiente prestación. O único elemento positivo foron as vantaxes económicas que supuxo a aparición recente da tarxeta metropolitana, que permitíu a redución dos custos dos billetes para os usuarios e mesmo a gratuidade de determinados servizos para a xente máis nova.

Mais, na actualidade, atopámonos nun momento de cambio que cómpre aproveitar. Ven de ser aprobado a finais de 2018 pola Xunta o Plan de Transporte Público de Galiza, e durante o ano 2019 van ser publicadas e sometidas a exposición pública as propostas de liñas e servizos de transporte que van estar en vixencia, previsibelmente, durante moitos anos. É preciso aproveitar o momento e posicionar as demandas sociais existentes. O Concello e a cidadanía organizada, a través do movemento veciñal e asociativo, deben liderar estas demandas e presionar para conseguir uns novos servizos máis eficientes e que cubran as principais necesidades que temos os veciños e veciñas de Nigrán.

Debemos facer valer, ante a Xunta de Galiza, a idea de que só cunha visión ampla da situación, imos poder desenvolver cambios importantes nos modelos de mobilidade do noso concello e do noso país. Soamente mellorando os servizos e as prestacións faremos que cada vez a xente use máis o transporte público e poida prescindir do coche, utilizando outras formas para moverse, máis sas, económicas e respectuosas co medio e o interese social. É por isto preciso atender as necesidades da xente e ser capaces de facer un deseño de rutas e servizos anovador e atractivo, acorde coas necesidades que impoñen as formas de vida actuais.

A nosa proposta con respecto aos servizos de transporte público contempla as seguintes reivindicacións:

- Estudo en profundidade das necesidades concretas da veciñanza e dos diferentes intereses de colectivos de usuarios (persoas traballadoras, mocidade, estudantes, persoas que precisan achegarse a servizos centrais, persoas con problemas de mobilidade, persoas que residen nas áreas máis periféricas e outros), coa implicación plena do Concello e a participación da veciñanza e das persoas usuarias. Só un bo coñecemento da situación previa permitirá definir unha proposta realista, que priorice e determine uns servizos que respondan mellor ás necesidades existentes.
- Mantemento das liñas intermunicipais básicas que comunican os concellos de Baiona e Gondomar con Vigo a través de Nigrán, mellorando en xeral todo o seu sistema actual de funcionamento, no que respecta ao aumento das faixas horarias de servizos, o incremento das frecuencias en días laborábeis e sobre todo nas fins de seman e a cobertura territorial que determinan os percorridos que hoxe se realizan, coa ampliación das zonas cubertas e a modificación do mapa de paradas.
- Estudo de variantes dos percorridos principais, en base á demanda existente, establecendo frecuencias ou servizos complementarios que permitan conectar centros parroquiais e lugares que se encontran máis alonxados dos principais eixos de comunicación (estrada pola vía PO-325 da costa e a estrada de arriba PO-552).
- Desenvolvemento de medidas que garantan unha mellor interconexión entre os tres concellos miñoranos, coa existencia de servizos directos entre municipios e cun plan efectivo de transbordos na zona central da comarca.
- Establecemento dunha conexión estable e o máis directa posible co campus da Universidade de Vigo, relacionado coa función académica que se desenvolve.
- Conexión das liñas intermunicipais principais coa actual estación de autobuses e coa futura estación intermodal de Vigo, facilitando asi o uso do ferrocarril e do transporte de liña de carácter autonómico, intercomarcal e comarcal, asi como dos servizos de transporte Vigo-aeroporto e das liñas urbanas desta cidade.
- Busca de fórmulas axeitadas que faciliten un servizo público o máis directo posíbel desde o Concello e o Val Miñor ao aeroporto de Vigo e ao Hospital Álvaro Cunqueiro.
- Demanda de xestións á Xunta de Galiza para a integración do transporte municipal de Vigo no sistema de transporte metropolitano, coa fin de mellorar as condicións e posibilidades de trasbordo e interconexión neste ámbito municipal, de forma que se melloren as posibilidades de acceso aos diferentes barrios de Vigo e de transbordo con outras liñas de transporte intermunicipal.
- Demanda de atención ás coxexións intercomarcais desde o Val Miñor, co reforzo das comunicaciós directas coa comarca do Baixo Miño e a Louriña, como forma de acceso a estas zonas e, máis aló, ao espazo fronteirizo.
- Implantación de medidas que favorezan as posibilidades de uso ordinario destes medios para poder ir traballar, asistir con puntualidade aos centros de ensino ou acceder a centros sociais, de servizos ou lugares de intercambio con outras redes de transporte, favorecendo tamén as posibilidades de socialización e ocio da poboación. Neste senso, condideramos preciso tamén ter en consideración servizos especiais de fin de semana, como os servizos nocturnos Vigo-Val Miñor, servizos de praia durante o período estival ou o reforzo de servizos ordinarios ante determinados eventos ou festas de ampla concorrencia.
- Mellora material das condicións xerais de transporte, coa implantación de medios máis ecolóxicos, confortábeis e accesíbeis, con mellor infraestructura e servizos de apoio (marquesinas, acondicionamento de paradas e zonas de trasbordo, paneis dixitais con información a usuarios, aplicacións de usuario para móbil e outras). Debense mellorar especialmente lugares inseguros e desprotexidos, como por exemplo a parada próxima á rotonda da Ramallosa, onde na actualidade a xente debe agardar os buses baixo a choiva e sobre unha beirarrúa extremamente estreita.
- Aplicación dunha política social no establecemento de tarifas e na atención das necesidades específicas de transporte, atendendo en xeral ás necesidades da xente e, en particular, ás condicións de determinados colectivos (persoas con discapacidades e problemas de mobilidade, persoas desempregadas e xubiladas, mocidade e estudantes, entre outros). Implantación nos servizos de medidas transversais en materia ambiental, social, de iguadade e de normalización lingüística.

- Desenvolvemento dun sistema de concesións e contratación de servizos, que aporte maiores garantías para o cumprimento dos contratos suscritos nas condicións establecidas e que, ao tempo, permita unha certa flexibilidade para adaptar os servizos públicos a aquelas circunstancias e situacións novas imposibles de prever en ocasións, pois teñen que ver con cambios que se producen na demanda e coas novas posibilidades de oferta que se abren.
- Reivindicación de medidas de estabilidade do emprego e de apoio ás empresas galegas, ante os novos procesos de contratación que haxan de celebrarse, favorecendo as posibilidades de competición da empresa galega en condicións xustas, fronte ao poder e pretensión monopolística das grandes empresas do sector. Aplicación de medidas de subrogación de persoal cando sexa necesario, para garantir a estabilidade no traballo, en casos de cambio na titularidade das empresas concesionarias dos servizos que saian a concurso público.
- Estudo, desde o propio Concello de Nigrán, dun sistema complementario de transporte público a nivel municipal, que permita resolver as necesidades de mobilidade de persoas desde lugares menos accesíbeis ou moi mal conectados do municipio, cara outras parroquias, lugares de paso das liñas principais ou cara dotacións centrais. Deberanse analizar diferentes alternativas para resolver estas necesidades (transporte de conexión dos núcleos parroquiais, modelo de transporte a demanda, modo de transporte compartido cos servizos escolares e outros), tratando de atopar solucións concretas ás diferentes situación que se presentan.
- No caso concreto de Chandebrito sería de interese máximo procurar os acordos necesarios para a súa conexión con algunha liña do transporte urbano de Vigo, tendo en conta o seu especial illamento e a proximidade e vinculación territorial e social desta parroquia coa cidade.

Desde o BNG queremos avanzar nun novo modelo de mobilidade para o noso concello.

Pensamos que a sociedade e os poderes públicos, coa cidadanía por diante, debemos reaccionar de forma máis activa fronte á inercia de aceptar o predominio case absoluto do coche nas dinámicas da mobilidade xeral e a nivel municipal.

Aínda recoñecendo o papel actual que desenvolven os coches fronte as necesidades de amplos sectores de poboación e ante as dificultades de acceso real ao noso territorio que existen na actualidade, como consecuencia dun moi deficiente sistema de transporte público, temos a responsabilidade social e ambiental de esixir ás administración competentes uns servizos públicos eficientes e temos tamén a obriga de facilitar, a través de medidas diversas, que se poden adoptar no ámbito local, a mobilidade peonil, o uso da bicicleta e a recuperación dos espazos públicos “privatizados” polos coches e por un mal uso, para que lle sexan devoltos ás persoas, en beneficio das relacións sociais.

Por iso promoveremos un conxunto de medidas que impulsen un tipo de mobilidade máis sostible e responsable, que vertebre o municipio, promova a cohesión social, garanta a seguridade e preserve o uso en condicións dos espazos públicos, recuperando as capacidades das persoas para facer vida a pé e ocupar os espazos comúns.

Ademáis de contribuir a potenciar o uso do transporte colectivo fronte ao individual, facilitaremos os tránsitos peonís e o uso das bicicletas, en paralelo á realización dos esforzos precisos para a mellora dos servizos e das infraestructuras que den soporte a estes novos patróns de mobilidade.

Concentraremos esforzos en recuperar espazos ocupados polos coches en beneficio das persoas e do uso peonil, alá onde sexa de interese para o benestar cidadá. Contribuiremos tamén a unha peonización progresiva dos núcleos urbanos. Tomaremos medidas de control do transito dos diferentes tipos de vehículos a motor e reduciremos as velocidades de circulación en determinadas zonas para aumentar a seguridade e impulsar progresivamente a prevalencia dos transitos a pé e o uso da bicicleta.

Estudaremos con detalle as posibilidades existentes nos diversos sectores do municipio para ir liberando espazos que permitan un tránsito peonil e ciclista en condicións de seguridade para todas e todos. Faremos fincapé na procura das mellores solucións que permitan circular en bicicleta pola faixa costeira, entre Patos e a Ramallosa, en condicións de seguridade para os ciclistas e os peóns.

Regularemos, na marxe das nosas competencias, determinadas cuestións referidas ao tránsito no municipio, poñendo orde nas normas de uso de novos elementos de mobilidade a motor que chegan ao mercado (como bicicletas ou patíns eléctricos) e que deben compartir espazos con outras formas de mobilidade, ofrecendo condicións de seguridade para todas.

Trataremos de facilitar medidas de circulación e aparcamento que promovan o uso de automóbiles lixeiros, como as motocicletas, en detrimento dos coches.

Poremos en marcha novas actuacións de seguridade vial nas vías públicas de competencia municipal e demandaremos novas medidas nas vías que sexan competencia doutras administracións, no senso de reducir a siniestralidade e os atropelos no noso municipio.

Nas travesías e nas estradas competencia doutras administracións que atravesan o noso municipio, demandaremos o seu mantemento e mellora, cooperando desde o ámbito municipal na determinación e na atención de necesidades de urbanización e acondicionamento. Deberanse promover en conxunto, e de acordo coas necesidades e características concretas de cada lugar, medidas de mellora como ampliacións do ancho da vía, modificacións nas condicións de circulación de vehículos polas calzadas e cambios de trazados se é preciso, creación de beirarrúas e mellora das condicións das beiravías e dos carrís para circulación de bicicletas, introducción de pasos peonís accesibeis e seguros, definición de zonas de estacionamento, definición de paradas para o transporte colectivo seguras e ben dotadas, melloras na sinalización vial horizontal e vertical, colocación de elementos para a redución da velocidade dos vehículos e a organización dos tránsitos, melloras no sistema de iluminación das vías, eliminación de barreiras arquitectónicas que dificultan ou impiden a circulación de peóns, canalización e redución de cables aéreos e instalación de elementos de mobiliario urbano acorde coas necesidades e tipos de vía.

Consideramos así unha necesidade prioritaria, desenvolver unha actuación global que mellore as condicións de mobilidade na contorna da rotonda da Ramallosa, que favoreza as condicións de circulación dos vehículos sen menoscabo da condición urbana do lugar e das necesidades de mellorar en todo o posible a seguridade cidadá e o tránsito peonil, nun lugar complexo, no que con frecuencia se sofren atascos e se producen sinistros, e no que as beirarrúas non poden ser maís estreitas, nunhas rúas con moita presenza de persoas por ser unha encrucillada de rúas, unha zona comercial, un espazo que conta con paradas de autobús e que ten na proximidade inmediata zonas recreativas e instalacións públicas e privadas que atraen abundante xente.

Nas vías locais, e en xeral no que atinxe á atención do rueiro e da rede de camiños do Concello, actuaremos na defensa do interese público e tratando de favorecer e mellorar progresivamente as conexións, a accesibilidade e a mobilidade, promovendo actuacións en sintonía co expresado nos parágrafos anteriores, axustándonos por suposto ás condicións concretas e necesidades específicas de cada tipo de vía e de cada lugar. Estudaremos estas necesidades polo miúdo e determinaremos as prioridades nun programa de actuación para o mandato.

Serán prioritarias aquelas actuacións que incidan na accesibilidade e seguridade en zonas próximas a centros de afluencia social (colexios, locais sociais, zonas deportivas e de ocio, parques infantís, paseos, entre outros).

Actuaremos co obxectivo de facer máis accesíbeis os distintos lugares do noso concello e favorecer a permeabilidade do territorio para o transito peonil e ciclista, así como para conseguir un modo de tránsito máis seguro polas vías e espazos públicos a todas as persoas, facilitando na medida das posibilidades a mobilidade das persoas con capacidade reducida, as persoas maiores e os nenos e nenas, que teñen dereito a moverse con seguridade e facer vida social e o máis autónoma posíbel.

Nesta liña, estudaremos con coidado as posibilidades de definir rutas escolares seguras para fomentar os desprazamentos a pé das crianzas ata as escolas e promover rutas accesibles que permeabilicen sectores completos de territorio para as persoas con problemas de mobilidade.

Consideramos que os espazos públicos urbanos e centrais das parroquias son elementos fundamentais de socialización que deben estar sempre nas mellores condicións posíbeis para o seu uso.

En termos de accesibilidade e mobilidade isto implica unhas modificacións profundas, cunha necesaria inversión das prioridades entre os diferentes modos de moverse, ata conseguir establecer unha nova relación xerárquica acadando que primeiro figuren os peóns, as bicicletas e o transporte público, e despois os automóbiles.

Levar este cambio a cabo levará tempo, pero debemos dar pasos decididos neste camiño pois temos moito que gañar. Estas transformacións traduciranse en medidas e actuacións físicas diversas (cambio de pavimentos e adecuación de circuitos, sistemas de iluminación, medidas de circulación e estacionamento con determinadas restricións, redución de velocidades de tránsito, accesibilidade preferente dos servizos publicos de transporte, etc.

Promoveremos a elaboración dunha ordenanza de uso dos espazos públicos do Concello, para facilitar e ordenar o seu funcionamento en interese de todos e todas.

Traballaremos progresivamente na dirección de conseguir espazos públicos de calidade, accesíbeis, seguros, con usos múltiples, en definitiva, centros de socialización e convivencia. Atenderemos nesta materia, tanto ás necesidades das áreas urbanas ou máis urbanizadas, como ás necesidades dos diferentes lugares da nosa zona rural, pensando prioritariamente no interese que supón chegar a contar cuns bos espazos de convivencia social, desenvolver con normalidade as actividades da vida cotiá e poder disfrutar dun medio ambiente saudable e das posibilidades de lecer que ofrece o noso diverso territorio.

Faremos o mantemento debido dos parques e xardíns existentes e crearemos outras áreas axardinadas e de parque con criterios ambientais, velando por usos diversificados e compatíbeis.

Proporemos elementos de colaboración coas comunidades de montes para o fomento dos usos recreativos e sociais dos espazos forestais, apoiando a creación de parques forestais.

Promoveremos a mellora xeral do hábitat e a confortabilidade do rueiro e das prazas, dotando de mobiliario axeitado lugares infradotados ou que requiran melloras: colocación de bancos en lugares de espera ou tránsito, puntos de luz e farolas, papeleiras e puntos de recollida de residuos, elementos de recreo en parques infantís, instalación de parques biosaudábeis e outros).

Realizaremos tratamentos de detalle que melloren a estética e o ambiente de rúas, prazas e vías do municipio, nun proceso de progresiva humanización, embelecemento e revexetación dos espazos construidos.

Promoveremos a desaparición progresiva dos grandes formatos publicitarios que provoquen un forte impacto negativo sobre o patrimonio, a paisaxe e a calidade xeral da contorna e desenvolveremos ordenanzas municipais sobre a colocación de publicidade e cartelería dos establecementos sobre as vías públicas, para racionalizar a situación actual e promover uns patróns respectuosos co medio.

Abordaremos o problema do emprazamento de farois e elementos diversos do mobiliario urbano sobre as beirarrúas, que en ocasións orixinan problemas de mobilidade para os peóns, tratando de que se reubiquen, para así poder resolver a situación.

Abordaremos tamén a procura de solucións para a progresiva canalización soterrada de cables e a supresión progresiva de postes e tendidos aéreos.

Estudaremos en detalle, e regularemos se é preciso, aqueles usos dos espazos públicos do municipio onde se produzan conflitos pola incompatibilidade manifesta das actividades que se practican e que poidan significar a inseguridade das persoas, afectacións frecuentes do dereito ao descanso, danos ao medio ambiente ou o patrimonio, entre outras.

Seremos vixiantes e tomaremos medidas contra o ruido diurno e nocturno, pois afecta á calidade de vida das persoas e o dereito ao descanso. Apostamos por unha cultura de responsabilidade e conciencia cívica para mellorar a situación. Controlaremos as actividades nocturnas ligadas ao ocio na medida en que poidan provocar molestias repetidas á veciñanza.

Trataremos de posibilitar no noso litoral a existencia de areais ou sectores de praia onde sexa posible o libre exercicio do nudismo. Estudaremos con detalle as mellores alternativas, procurando compatibilizar as distintas sensibilidades sociais coa demanda lexítima de poder contar con espazos para dita práctica.

Estudaremos fórmulas axeitadas á presenza de mascotas nas praias e nos espazos públicos, esixindo responsabilidade das persoas propietarias e respecto das normas e da legalidade, garantindo un comportamento civilizado e seguridade para as persoas. Manteremos en xeral os criterios de uso das praias actualmente en funcionamento, que restrinxen o acceso de cans a determinados areais durante o período estival.

Introduciremos, nos arredores dos nosos areais, medidas de control do tránsito rodado e faremos unha política de aparcadoiros que estará dirixida a garantir a seguridade dos usuarios das praias, o tránsito de peóns, o acceso dos residentes ás súas casas e o dereito da cidadanía a disfrutar de calidade ambiental nesta contorna.

A recuperación da vida a pé e da actividade social nos espazos públicos, require tamén de actuacións de mellora urbana, pensadas para mellorar a calidade de vida das persoas residentes e favorecer a atracción social, dinamizando o comercio e os servizos que ofrecen estas áreas.

Nesta liña, consideramos importante levar a cabo un plan integral de renovación e dinamización urbana na Ramallosa, con medidas de mobilidade, actuacións de mellora urbanística e humanización e de promoción das actividade urbanas. Tamén nos parecen necesarias novas actuacións de mellora urbana do nucleo de Panxón, intervindo especialmente nas zonas interiores do casco urbano e incluindo actuacións urbanísticas na contorna do arco visigodo.

Trataremos de reequilibrar os criterios empregados ata o momento polo Concello para facilitar a accesibilidade aos espazos públicos e o seu uso racional, facendo que prime o interese público, a sustentabilidade ambiental e as modalidades de mobilidade sen coches.

Estudaremos e cando proceda aplicaremos medidas de restrición de tránsitos, de forma permanente ou temporal e de forma xeral ou referida a determinadas modalidades, coa fin de garantir o mellor uso e o mantemento en condicións dos espazos e vías públicas.

Poremos interese no estudo de alternativas e na aplicación de medidas progresivas que limiten os abusos aos que están sendo sometidas determinadas áreas do noso territorio, en especial os nosos areais, nunha situación de sobrepresión en determinadas épocas e momentos, que producen impacto sobre o medio ambiente e reducen a calidade da contorna e tamén o normal desenvolvemento das actividades cotiás das persoas residentes.

Neste senso, promoveremos actuacións brandas nas beiras do areal de Patos, para favorecer a súa conservación e un uso recreativo compatible co lugar, poñendo especial atención nas condicións das instalacións existentes e as formas de aparcamento que se practican.

Ademáis das limitacións que poidan establecerse para contrarrestar os efectos negativos da sobrepresión sobre os nosos ecosistemas costeiros e, nomeadamente, sobre os nosos grandes areais, estudaremos medidas disuasorias do tránsito rodado, conformando zonas provisionais de aparcamento en lugares situados a unha certa distancia, como pode ser a zona de Porto do Molle con respecto a Praia América. Estas solucións adoptaranse tamén ante determinados eventos ou festas de gran atracción poboacional que se realicen no concello, para os cales mesmo podería establecerse, de ser oportuno, un sistema de transporte colectivo entre os aparcadoiros e os lugares de celebración do evento.

Traballaremos para atopar solucións aos problemas de aparcamento existentes en determinados lugares do concello e en determinados momentos, atendendo especialmente ás áreas de proximidade dos principais organismos públicos e zonas equipamentais e de servizos da localidade.

Rescataremos a concesión do aparcadoiro soterrado da Ramallosa.

18. Apoiaremos a cooperación intermunicipal no ámbito da Área Metropolitana de Vigo, demandando competencias efectivas e recursos para o seu funcionamento como ente coordenador e prestador de servizos.

No BNG defendemos un proceso de comarcalización real e efectivo que dote ás comarcas de personalidade xurídica e capacidade operativa para poder asumir boa parte das competencias das deputacións provinciais.

Apoiamos unha política racional que promova a cooperación entre concellos fronte a estratexias localistas absurdas ou destrutivas. Facémolo coa convicción de que é a mellor forma de afrontar as necesidades que compartimos e ante a evidencia de que o concello de Nigrán, por si mesmo, é insuficiente para a prestación de determinados servizos ou a resolución de determinados problemas en solitario. É preciso pois, en beneficio da cidadanía, cooperar con outros concellos do Val Miñor e da área de Vigo, así como con outras administracións e entidades a escala superior.

En coherencia co anteriormente indicado, apoiaremos a cooperación intermunicipal dentro da área de Vigo, como xa fixemos no pasado, pero con máis forza e cunha orientación clara, dirixida a conseguir que a Área Metropolitana de Vigo, da que formamos parte por Lei do Parlamento de Galiza, sexa quen de xestionar importantes servizos públicos de interese común para os municipios que a integran e poida contar coa suficiencia financeira debida para poder prestalos con eficacia.

Somos conscientes de que a situación actual non permite albergar grandes esperanzas nunha efectiva posta en marcha e utilidade da Área Metropolitana. A Lei 4/2012 da Área metropolitana de Vigo e a Lei 14/2016 pola que se modifica a anterior, abriron a posibilidade de constituir, neste pasado mandato municipal, os órganos de goberno da entidade e poñela definitivamente a funcionar, mais as posicións localistas, a carencia de consensos políticos e institucionais amplos e a falta real de vontade política da Xunta de Galiza ten impedido o seu arranque efectivo, estando actualmente pendente de resolucións xudiciais que se alongan no tempo, e que teñen cautelarmente suspendido o funcionamento da área e dos seus órganos de goberno.

Nesta liña reivindicamos a posta en marcha da Área Metropolitana de Vigo e o seu desbloqueo político. Defendemos o seu arranque, coa elaboración preceptiva dun primeiro plan metropolitano cuatrienal e un programa de financiamento axeitado en relación coas súas actividades e de acordo coas competencias propias que se desenvolvan e as competencias delegadas que se determinen. Debe levarse a cabo un programa de desenvolvemento de servizos metropolitanos definido, coa planificación territorial, o transporte metropolitano e a xestión de residuos como algúns dos elementos prioritarios de partida, e dotado dun plan de desenvolvemento de atribucións e competencias amplamente consensuado.

Desde o Concello contribuiremos a afortalar a cooperación metropolitana, porque existen fortes vínculos económicos, sociais, infraestructurais e territoriais coa cidade de Vigo e os concellos próximos. Mais sobre todo, porque é necesario e urxente abordar unha planificación conxunta de infraestructuras, equipamentos e servizos, e coordinar proxectos e iniciativas de común interese para esta área.

O desenvolvemento progresivo da Área Metropolitana deberá corresponderse co devalar das funcións e da capacidade financeira actual da Deputación Provincial, que no futuro debería rematar coa súa desaparición, sendo sustituida por entes supramunicipais comarcais ou metropolitanos. Ata ese momento, seguiremos a demandar do ente provincial un trato non discriminatorio e axustado ás necesidades existentes e as prioridades das políticas municipais.

Independentemente das atribucións legais, das competencias que a Área Metropolitana de Vigo ten determinadas por Lei (promoción económica, emprego, servizos sociais, turismo e cultura, mobilidade e transporte público, medio ambiente, augas, residuos, loita contra incendios, protección civil e salvamento, ordenación territorial e cooperación urbanística, entre outras) e daquelas que lle poidan ser asignadas ou delegadas no futuro, demandaremos que a Área Metropolitana conte canto antes coa capacidade real precisa para actuar nos seguintes ámbitos competenciais:

--Transporte metropolitano. Promoción dun sistema que conecte de xeito intermodal a totalidade da área, incluindo o transporte urbano e mellorando a conectividade dos municipios e parroquias.

--Xestión de augas. Creación dun ente xestor que resolva os conflitos que se producen entre concellos e realice unha política común de aproveitamento dos recursos.

--Xestión de residuos sólidos urbanos. Conformación dun sistema baseado na reducción, reciclaxe, compostaxe e reutilización.

--Ordenación do territorio e cooperación urbanística. Coordinación dos planeamentos municipais e establecemento de liñas estratéxicas territoriais e directrices xerais para a ordenación do espazo metropolitano, determinando as necesidades equipamentais e infraestructurais do conxunto da área.

--Desenvolvemento socioeconómico. Xestión de plans e proxectos de desenvolvemento económico e social centrados nas necesidades existentes e nos recursos e potencialidades da área, que promovan investimentos en accións, equipamentos e infraestructuras que se precisan e o desenvolvemento de proxectos de interese que poidan contar con financiamento europeo ou doutras administracións. Entre outros, actuacións en promoción económica, emprego e servizos sociais.

19. Reforzaremos a cooperación cos concellos miñoranos e fomentaremos unha maior e máis efectiva actividade da Mancomunidade de Municipios do Val Miñor.

Promoveremos boas relacións cos municipios de Baiona e Gondomar, cos que conformamos a comarca do Val Miñor, procurando coordinar políticas, compartir e intercambiar recursos e levar a cabo actividades conxuntas nos máis diversos ámbitos de intervención e en sintonía co que debe ser unha boa vecindade.

Actuaremos para incrementar a capacidade orzamentaria e as actividades e servizos que presta a Mancomunidade de concellos, procurando facer da mesma unha administración útil e eficaz, que aporte beneficios á cidadanía coa xestión de servizos e o desenvolvemento de accións de interese común, contribuíndo tamén a dar forza ás demandas dos tres concellos ante outras administracións con competencias en materias como infraestructuras, educación ou sanidade, entre outras.

Con respecto á xestión da Mancomunidade de Municipios do Val Miñor proporemos:

- Reforzar o papel da entidade como un espazo de diálogo e consenso político para coordenar e programar accións conxuntas e tamén para actuar con maior capacidade de presión sobre outras administracións en asuntos que afectan directa ou indirectamente aos tres concellos.
- Establecer mecanismos de traballo cooperativo para promover ou participar en proxectos supramunicipais a nivel do Val Miñor ou mesmo con outros concellos externos á comarca, co obxectivo de captar axudas que financien iniciativas de interese común.
- Conseguir que a Mancomunidade mellore o seu funcionamento, con máis democracia, transparencia e apertura á veciñanza e os actores locais, promovendo reformas estatutarias que fagan máis operativa a entidade e democraticen os órganos de goberno, modificando entre outras cousas o método de elección da presidencia, eliminando o seu carácter rotatorio actual. Promoveremos tamén a conformación dos órganos de participación que se consideren precisos, como o Consello económico-social do Val Miñor ou o Consello de saúde, e defenderemos medidas que faciliten a asistencia pública ás sesións plenarias e a retransmisión en diferido dos propios debates e dos acordos acadados a través dun portal de información propio.
- Revisar detidamente as actividades actuais que realiza a Mancomunidade, promovendo o afortalamento e consolidación daqueles servizos e equipamentos que funcionan axeitadamente e cumpren unha función importante para a veciñanza e modificando ou suprimindo, no seu caso, aqueles outros que se considere que non cumpren axeitadamente cos obxectivos para os que foron creados no seu momento.
- Estudar como seguir ampliando servizos e equipamentos de xestión mancomunada, sempre que resulte conveniente e de acordo cos criterios de xestión e reparto de gastos que resulten máis idóneos, axustando

os compromisos financeiros dos concellos ao incremento progresivo dos gastos orzamentarios que conlevarían devanditas ampliacións de servizos.

Independentemente do papel que poida e decida asumir no futuro a Mancomunidade en determinados asuntos, desde o BNG consideramos que as necesidades do territorio miñorano, e de cada un dos tres municipios que o integran, fai recomendábel, e mesmo esixe, a adopción dunha visión supramunicipal que promova estratexias territoriais e iniciativas compartidas polos tres concellos en multiples materias de interese común, como a ordenación territorial, a rede de infraestructuras básicas e de comunicación viaria, transporte público, emprego e desenvolvemento local, servizos sociais e sanidade, educación, actividade turística, protección do patrimonio cultural, natural e paisaxístico da comarca, medio ambiente e recursos naturais, etc.

Con respecto aos ámbitos de cooperación intermunicipal, ademáis do xa indicado sobre a mellora de funcionamento da Mancomunidade, propoñemos:

- Estudar conxuntamente o impacto de proxectos e directrices promovidas por outras administracións ou entidades que poden implicar unha afectación directa ao territorio, para actuar coordinadamente en consecuencia, se for o caso. Procurar a maior coordenación posible dos planeamentos urbanísticos do Val Miñor, con especial atención aos espazos limítrofes dos termos municipais, as áreas de protección e as reservas de solo para futuras dotacións mancomunadas ou de interese común.
- Demandar da Xunta de Galiza a gratuidade da AG-53 para que se poida converter verdadeiramente nunha via de intercomunicación rápida entre os concellos miñoranos e de conexión da nosa comarca con outras vías de comunicación que enlazan localidades e polígonos empresariais a nivel metropolitano e galego, favorecendo que unha boa parte do tránsito automobilístico e de transporte pesado evite circular polas vías secundarias das localidades, cos prexuizos ambientais e sociais que comporta.
- Actuar coordenadamente na demanda de servizos de transporte público en condicións, que dean unha resposta máis acaida ás necesidades reais da veciñanza, con especial atención ás necesidades de intercomunicación entre os tres municipios e a garantir unha óptima conectividade da nosa comarca con Vigo, con equipamentos e servizos principais, como o campus universitario, o Hospital Álvaro Cunqueiro ou as futuras estacións centrais de transporte público (ferrocarril e autobuses), así como con outras comarcas e localidades próximas.
- Promover accións e medidas concretas para protexer e pór en valor os nosos espazos naturais, con especial atención ao val do Miñor e as serras do Galiñeiro e da Grova, como parte dunha estratexia global de protección do patrimonio natural que vertebra o noso territorio, que permita incrementar as medidas de protección e a inclusión progresiva de novos espazos na rede Natura e a través doutras figuras de protección.
- Esixir das administracións competentes as medidas oportunas para a rexeneración ambiental da Foz e marisma do Miñor e a súa contorna, a través dun plan de actuación global que programe as distintas intervencións a desenvolver e inclúa a recuperación e posta en produción dos antigos bancos marisqueiros hoxe pechados ao consumo.
- Propor á Mancomunidade de Montes Veciñais en Man Común do Val Miñor un programa de colaboración que permita a creación dun viveiro forestal de planta autóctona que facilite no futuro os plans de reforestación dos montes veciñais da comarca.
- Cooperar na xestión de residuos, apoiando a planta de aproveitamento de biomasa forestal da Mancomunidade de Montes Veciñais en Man Común do Val Miñor, para a produción de abono e compost.
- Demandar da Xunta de Galiza melloras na atención sanitaria do Val Miñor, cunha ampliación dos horarios de especialidades como radioloxía, fisioterapia e da Unidade de Saúde Mental do Centro de Saúde da Xunqueira. Reclamar igualmente a mellora do servizo de urxencias e do servizo de ambulancias, coa reposición da segunda ambulancia que no seu día foi retirada.
- Solicitar das administracións competentes a ampliación dos servizos de atención a persoas maiores e dependentes, coa creación dun novo Centro de Día que incremente o número de prazas e atenda as necesidades crecentes que o actual Centro de día público, emprazado en Sabarís, xa non pode atender, buscando unha fórmula de xestión axeitada en beneficio das necesidades veciñais dos tres concellos.
- Demandar da administración educativa da Xunta, a mellora das condicións dos centros e dos servizos en xeral, e da oferta educativa nos centros de secundaria en particular, coa impartición na comarca das tres modalidades de bacharelato e coa ampliación de ciclos formativos dos tres graos, promovendo aquelas

especialidades que teñan maior interese para o alumnado e maior vinculación coas características do territorio, o seu medio socioeconómico e o ámbito laboral e empresarial.

- Procurar fórmulas que permitan a xestión mancomunada do actual Conservatorio elemental de música, demandando á Xunta de Galiza a implantación na comarca dun Conservatorio de grao profesional.
- Reforzar a cooperación dos servizos e técnicos de emprego e desenvolvemento local dos tres concellos, na ampliación da oferta de actividades e na posta en marcha de políticas activas que beneficien á mocidade e ao conxunto das persoas en situación de desemprego.
- Reforzar as accións de promoción e xestión turística, coa elaboración dun plan comarcal que defina accións conxuntas e complementariedades dos concellos, en beneficio dun modelo de turismo sostible.
- Acordar medidas conxuntas para crear nos distintos concellos puntos de información, actuacións de musealización, roteiros locais e intermunicipais e aulas ou centros de interpretación do patrimonio cultural, natural e paisaxístico da comarca e dos seus valores principais.
- Cooperar en materia sociodeportiva, procurando reforzar os servizos mancomunados con novas prestacións e buscando sistemas de uso público ao servizo do conxunto da poboación miñorana para determinadas instalacións deportivas de titularidade municipal, tratando de complementar a oferta de actividades e compartir recursos.
- Estudar as posibilidades de activar desde os concellos ou a Mancomunidade medios radiofónicos e audiovisuais dixitais propios que promovan a información e a comunicación sobre a comarca e para a súa veciñanza.

20. Colaboraremos con diferentes administracións e entidades, e traballaremos en redes de cooperación, co obxectivo de demandar os apoios necesarios e acadar para Nigrán e os seus habitantes os beneficios dun traballo compartido.

En interese do noso municipio defenderemos sempre o diálogo, a negociación e unha boa relación coas demais administracións públicas, sen menoscabo da lexítima defensa dos nosos intereses e da reivindicación daquelas cuestións que sexan de xustiza.

Defenderemos a autonomía municipal e opoñerémonos a todas aquelas medidas restrictivas da capacidade dos concellos para atender os problemas locais, cando non se sosteñan en criterios de racionalidade funcional e produzan a desatención das necesidades dos nosos veciños e veciñas.

Na función de goberno ou na de oposición, os e as representantes do BNG nunca faremos deixación das nosas obrigas e actuaremos de forma responsábel, constructiva e reivindicativa na defensa dos intereses de Nigrán e na esixencia da asunción de responsabilidades e competencias ás entidades que as teñan.

Traballaremos coordinadamente con outros representantes públicos cos que se poidan acordar iniciativas para defender intereses locais ou xerais. Utilizaremos tamén a acción dos grupos parlamentarios e dos representantes da nosa organización para defender e promover medidas de interese para o concello, mobilizando aos nosos deputados e deputadas que estean presentes no ente provincial, no Parlamento Galego, nas Cortes españolas ou no Parlamento Europeo, asi como en calquera outro ámbito de representación da vontade da cidadanía.

Procuraremos traballar de forma cooperativa e en rede con outros concellos, administracións e entidades de diverso carácter, en materias específicas nas que resulte de interese compartir recursos, coñecementos ou experiencias (como en política social, cultura, normalización lingüística, políticas de igualdade, medio ambiente, mobilidade, urbanismo, turismo sostible, financiamento europeo, etc.). Neste senso estudaremos a integración en redes de cooperación existentes que poidan ser de interese e mesmo contribuiremos a promover, se procede, a formación de novas redes.

Defenderemos a permanencia do Concello de Nigrán na FEGAMP e actuaremos a prol da cooperación intermunicipal.

Atención de competencias autonómicas e apoio da Xunta de Galiza

Solicitaremos á Xunta de Galiza todo o apoio preciso para o noso territorio e a nosa poboación, en todas aquelas cuestións que sexan competencia exclusiva dela, asi como naquelas outras nas que teña un papel relevante como cooperadora.

Nomeadamente demandaremos:

- Conservación e mellora da rede viaria de competencia, para garantir a seguridade de tránsito e facilitar a mobilidade en todas as súas modalidades. Gratuidade da autoestrada AG-57.
- Solucións axeitadas ás necesidades de transporte público en autobús, fundamentalmente das liñas intermunicipais e dos servizos de acceso a determinados equipamentos, que permitan unha suficiente cobertura das necesidades (horarios, frecuencias, percorridos), así como melloras nas prestacións da tarxeta do transporte metropolitano, coa ampliación das coberturas á intermodalidade co transporte urbano de Vigo.
- Apoio na execución e financiamento de políticas sociais diversas, dirixidas a colectivos con necesidades específicas, coa conseguinte facilitación de axudas, de servizos de atención, de equipamentos ou doutro tipo de recursos.
- Reutilización das instalacións do vello ambulatorio de Panxón e colaboración financeira para a apertura dun Centro de Día de persoas maiores e maiores dependentes na localidade, baixo a fórmula de xestión que se considere máis oportuna.
- Marcos de colaboración e establecemento de convenios para o uso local e/ou a intensificación de actividades e servizos que se prestan nalgunhas dotacións xestionadas actualmente pola Xunta de Galiza, como é principalmente a Residencia de tempo libre de Patos ou as instalacións nas que se ubica actualmente o CEE de Panxón.
- Melloras nos servizos sanitarios da comarca do Val Miñor, nomeadamente co reforzo de persoal, ampliación de horarios de servizos do Centro de Saúde da Xunqueira e dotación da segunda ambulancia no servizo de urxencias.
- Atención ás necesidades dos servizos de educación da localidade (educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria, bacharelato, ciclos de FP e outros estudos) e mellora da oferta de formación no concello e no ámbito territorial miñorano, procurando a presenza de todas as modalidades de bacharelato e unha oferta de formación profesional máis orientada e diversa. Melloras en dotacións, na cobertura dos servizos de comedores escolares e nas políticas sociais sobre libros de texto e material escolar.
- Apoio aos servizos de emprego dos que dependemos e financiamento de accións locais no marco das políticas activas de emprego.
- Aplicación de medidas de protección do patrimonio histórico e cultural e actuacións de conservación e posta en valor de bens culturais da localidade.
- Financiamento de actividades locais de potenciación cultural e turística do Camiño de Santiago pola costa e en relación co Plan Xacobeo.
- Actuacións de promoción turística da localidade e da comarca, no ámbito das accións que executa a Xunta e a Axencia Turismo de Galiza, e medidas de fomento da profesionalización e da calidade dos servizos turísticos existentes.
- Aplicación de políticas de calidade ambiental e asunción de medidas e proxectos para a protección de espazos e valores naturais e paisaxísticos e a rexeneración de áreas degradadas.
- Accións de política forestal e mobilización de liñas de axuda para a prevención de incendios, a rexeneración dos montes queimados, o control do eucalipto e das pragas forestais, a reforestación con especies autóctonas e o fomento dos usos múltiples do monte e a diversificación de actividades.
- Protección dos nosos ríos e das nosas ribeiras, cos mantementos que requiran e a asunción plena das competencias que lle corresponden á Xunta de Galiza e aos seus organismos sectoriais.
- Control da contaminación das augas, e implantación de melloras nos sistemas de control e nas infraestructura de depuración das augas residuais do noso municipio, competencia da Xunta.
- Protección especial do territorio da costa e dos valores naturais da ría, nomeadamente sobre os nosos ecosistemas de praia e dunas, o Monteferro e a Foz do Miñor, onde é preciso acometer un proxecto de recuperación ambiental integral, que inclúa a recuperación dos antigos bancos marisqueiros existentes.

- Xestión de residuos sólidos urbanos, coa introdución de melloras no sistema, que permita abaratar custos do transporte e tratamento do lixo e facilite cambios cara unha xestión económica e ambiental máis sostible.
- Acometemento de actuacións portuarias en Panxón, competencia de Portos de Galicia, e medidas de apoio ao sector pesqueiro e marisqueiro e a Confradía da Anunciada.

Atención de competencias estatais e apoio do goberno do Estado

Solicitaremos igualmente á administración do Estado todo o apoio preciso para o territorio e a poboación nas cuestións que sexan competencia exclusiva dela, asi como naquelas outras nas que manteñan un papel relevante e sexa preciso contar coa súa implicación e/ou colaboración.

Nomeadamente demandaremos:

- Conservación e mellora das infraestruturas viarias de competencia, na liña de garantir a seguridade do tránsito e facilitar a mobilidade e a conectividade do concello e da área metropolitana de Vigo nas distintas modalidades de transporte.
- Apoio na execución e financiamento de políticas sociais e das coberturas da Seguridade Social, dirixidas á nosa poboación e os seus distintos colectivos (persoas xubiladas, desempregadas ou con necesidades específicas, como a discapacidade ou a dependencia). Facilitación de acceso a axudas, dotación axeitada dos servizos de atención ao cidadán máis próximos, dotación de equipamentos e outro tipo de recursos.
- Actuacións culturais e de conservación do patrimonio histórico e bens culturais da localidade.
- Actuacións relacionadas coa xestión ambiental e medidas e axudas para a protección de espazos e valores naturais e paisaxísticos.
- Protección do territorio de costa e dos valores naturais da ría, en especial no que se refere ás actuacións da Dirección Xeral de Costas e o control do dominio público marítimo-terrestre.
- Control e reforzo das medidas e recursos de seguridade cidadá e de protección para a poboación e o territorio, nos seus diversos aspectos de competencia.
- Apoio no deseño e aplicación de medidas no marco daqueles programas e plans estatais que estean en curso e poidan dispor de recursos e vías de financiamento para a execución de accións locais.

Atención de competencias provinciais e apoio da Deputación

Solicitaremos da Deputación de Pontevedra o mantemento en condicións das infraestruturas e servizos que afectan ao noso territorio e son da súa competencia. Estudaremos a incorporación do Concello a determinados servizos e programas que ofrece o ente provincial e solicitaremos apoio financeiro para a execución de proxectos a nivel municipal, no marco dos instrumentos de financiamento habilitados. Reivindicaremos tamén que a Deputación consolide un plano de acción formulado con carácter plurianual, que facilite que os concellos da provincia poidamos contar cun marco de financiamento orientativo para todo o mandato.

Procura de financiamento e apoio da Unión Europea a proxectos e necesidades locais

Promoveremos o contacto coas autoridades europeas e facilitaremos información ás institucións comunitarias cando sexa conveniente para a defensa dos intereses do municipio, tanto na procura de apoio financeiro a accións de desenvolvemento, como polo que respecta á mellora do territorio e do medio ambiente.

Estudaremos e, se fose conveniente, promoveremos a participación do Concello no deseño e presentación de propostas no marco de convocatorias públicas de proxectos e iniciativas que contan con financiamento da Unión Europea, tanto no que resta do período do marco financeiro plurianual 2014-2020, como polo que respecta ao novo período 2020-2026, en accións de carácter supramunicipal ou municipal, ou promovidas a través de redes de cooperación ou grupos de desenvolvemento, que incidan en materias diversas como mobilidade, medio ambiente, innovación, recursos naturais, desenvolvemento rural, política transfronteiriza, turismo ou cultura.

Participaremos activamente nos grupos de acción local que se articulen e afecten ao noso territorio, para promover accións de desenvolvemento con financiamento europeo, como poden ser os grupos LEADER ou os Grupos de Acción Costeira.

Relación e colaboración con outras entidades

Estableceremos acordos-marco e colaboraremos con entidades universitarias e de investigación, como as tres universidades galegas, e nomeadamente coa Universidade de Vigo, tratando de involucralas en diferentes proxectos de interese local e colaborando nos seus proxectos de investigación e académicos, con medidas de apoio aos estudantes e investigadores no ámbito de iniciativas e proxectos que se poidan compartir.

Defenderemos tamén un nivel de mútua colaboración coa Zona Franca de Vigo, titular do parque empresarial do Porto do Molle. Tal colaboración debería centrarse fundamentalmente na execución de medidas e accións que supoñan un maior beneficio para a nosa localidade, principalmente en termos de emprego e promoción da economía local, e que conleven a colaboración municipal no desenvolvemento do polígono e na atención das necesidades das empresas que se ubican no mesmo. En calquera caso, esixiremos a Zona Franca o pagamento da débeda pendente que mantén co Concello de Nigrán polo aproveitamento urbanístico de Porto do Molle, opoñéndonos a calquera intento de ampliación mentres a devandita débeda non sexa saldada.

Manteremos unha actitude dialogante e relacións de cooperación con múltiples outras entidades públicas e privadas, nomeadamente as nosas entidades veciñais e sociais, coas que trataremos de colaborar moi estreitamente, asi como con interlocutores sociais de diverso tipo (asociacións profesionais, asociacións empresariais, sindicatos de traballadores e outras entidades sociais), cos que trataremos de colaborar na posta en marcha de accións e proxectos e na concertación de políticas e actuacións.

Nigrán, maio de 2019.

Bloque Nacionalista Galego de Nigrán.